# POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

3

## 3.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque vai ser un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

### 3.1.1. Evolución da poboación

O cadro 3.1. dá fe da diferente evolución demográfica de Galicia e o conxunto do Estado no último quinquenio. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

- A poboación galega permaneceu practicamente estancada de 2000 a 2004 (creceu en 19.085 habitantes, un 0,7%) mentres que nese período a poboación española subiu en 2.697.893 habitantes (un 6,7%, o que supón multiplicar por 9,6 a porcentaxe de Galicia).

**Cadro 3.1**

### Poboación de Galicia, España e UE. 2000-2004

| | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **2.731.900,0** | **2.732.926,0** | **2.737.370,0** | **2.751.094,0** | **2.750.985,0** |
| España | 40.499.791,0 | 41.116.842,0 | 41.837.894,0 | 42.717.064,0 | 43.197.684,0 |
| UE (25 países) | 451.841,2 | 453.316,2 | 453.023,7 | 454.552,3 | - |
| UE (15 países) | 376.956,3 | 378.529,1 | 378.354,2 | 380.351,4 | - |

Fonte: INE e EUROSTAT

No ano 2004 a poboación galega baixou lixeiramente (109 habitantes) mentres que a española aumentou en case medio millón de persoas (480.620).

A desagregación provincial do cadro 3.2 permite comprobar que tan só a provincia de Pontevedra presenta unha continua evolución demográfica positiva no último cuadrienio, mentres que en Lugo e Ourense foi sempre negativa e na Coruña lixeiramente negativa no primeiro ano e positiva –con especial intensidade en 2003- despois.

**Cadro 3.2**

### Poboación de Galicia. Por provincias. 2000-2004

| | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | | | |
| Homes | 531.744 | 532.039 | 533.914 | 538.469 | 538.764 |
| Mulleres | 576.675 | 575.963 | 577.972 | 582.345 | 582.580 |
| **Total** | **1.108.419** | **1.108.002** | **1.111.886** | **1.120.814** | **1.121.344** |
| **Lugo** | | | | 185.606 | |
| Homes | 177.594 | 176.856 | 175.583 | 174.906 | 173.812 |
| Mulleres | 188.025 | 187.269 | 186.199 | 185.606 | 184.640 |
| **Total** | **365.619** | **364.125** | **361.782** | **360.512** | **358.452** |
| **Ourense** | | | | | |
| Homes | 165.472 | 165.295 | 164.967 | 164.171 | 163.299 |
| Mulleres | 179.769 | 179.328 | 178.801 | 178.042 | 176.959 |
| **Total** | **345.241** | **344.623** | **343.768** | **342.213** | **340.258** |
| **Pontevedra** | | | | | |
| Homes | 437.581 | 439.888 | 442.257 | 446.839 | 449.112 |
| Mulleres | 475.040 | 476.288 | 477.677 | 480.716 | 481.819 |
| **Total** | **912.621** | **916.176** | **919.934** | **927.555** | **930.931** |
| **Galicia** | | | | | |
| Homes | 1.312.391 | 1.314.078 | 1.316.721 | 1.324.385 | 1.324.987 |
| Mulleres | 1.419.509 | 1.418.848 | 1.420.649 | 1.426.709 | 1.425.998 |
| **Total** | **2.731.900** | **2.732.926** | **2.737.370** | **2.751.094** | **2.750.985** |

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Na provincia galega de maior crecemento da poboación de 2000 a 2004 (Pontevedra) a suba foi de 18.310 persoas, o que en termos relativos é un 2% (menos da terceira parte do aumento medio estatal).

A variación poboacional no último ano de cada unha das provincias galegas pode verse no cadro 3.3, no que quedan nitidamente reflectidas as "dúas velocidades" existentes na Galicia actual: A Coruña-Pontevedra (que crecen lixeiramente) por unha parte e Lugo – Ourense pola outra (que decrecen ao redor do 0,6%); os datos dese cadro permiten ás persoas interesadas afondar na desagregación provincial das variacións (absoluta e porcentual) da poboación galega no último ano.

**Poboación a 01/01/2004 e variación da poboación dende 01/01/2003. Galicia e provincias**

**Cadro 3.3**

| | Poboación | | Variación | |
|---|---|---|---|---|
| | 1/1/04 | 1/1/03 | Absoluta | Porcentual |
| A Coruña | 1.121.344 | 1.120.814 | 530 | 0,05 |
| Lugo | 358.452 | 360.512 | -2.060 | -0,57 |
| Ourense | 340.258 | 342.213 | -1.955 | -0,57 |
| Pontevedra | 930.931 | 927.555 | 3.376 | 0,36 |
| **Galicia** | **2.750.985** | **2.751.094** | -109 | 0,00 |

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2004

## 3.1.2. Movementos naturais de poboación

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no ano 2004 reflíctese no cadro 3.4; velaí algúns trazos:

- Galicia rexistrou de novo o maior descenso de poboación de todas as comunidades (7.792 habitantes) anque o fixo con menos intensidade que en 2003 (no que a diminución fora de 9.292 habitantes) nun ano no que o crecemento vexetativo de España foi de 82.580 persoas (26.446 máis que a suba do ano anterior).
- A taxa de natalidade galega é a penúltima do estado (por detrás de Asturias, un ano máis) e está tres puntos por baixo do promedio español.
- A taxa de mortalidade galega, en cambio, é das maiores de España (por diante están só Asturias e Aragón) e está case dous puntos por riba do promedio estatal.

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia de 2004 na andaina das últimas tres décadas conseguimos unha visión moi axeitada do comportamento a longo prazo. O cadro 3.5 amosa que podemos distinguir dous períodos moi diferenciados partindo a metade o total estudado:

- No primeiro (ata o segundo quinquenio do anos oitenta) o crecemento vexetativo da poboación galega descende intensamente pero é aínda positivo
- No segundo é sempre negativo o saldo entre nacementos e mortes, cun valor absoluto que na última década estivo ao redor dos 9.000 habitantes por ano. En 2004 diminuíu algo ese saldo negativo, ao subir lixeiramente os nacementos e baixar as defuncións.

■ Cadro 3.4

**Crecemento natural. Taxas de natalidade e mortalidade. Por comunidades autónomas. 2004**

| | Nacementos | Defuncións | Crecemento vexetativo | Taxa de natalidade (1) | Taxa de Mortalidade (1) |
|---|---|---|---|---|---|
| Madrid | 69.352 | 40.908 | 28.444 | 12,03 | 7,10 |
| Andalucía | 88.662 | 62.963 | 25.699 | 11,65 | 8,27 |
| Cataluña | 77.101 | 58.366 | 18.735 | 11,49 | 8,70 |
| C. Valenciana | 48.989 | 39.146 | 9.843 | 10,99 | 8,78 |
| Murcia | 16.719 | 9.640 | 7.079 | 13,03 | 7,51 |
| Canarias | 19.069 | 12.401 | 6.668 | 10,11 | 6,57 |
| Baleares | 10.719 | 7.696 | 3.023 | 11,34 | 8,14 |
| Navarra | 6.349 | 5.044 | 1.305 | 11,01 | 8,74 |
| País Vasco | 19.745 | 18.629 | 1.116 | 9,41 | 8,87 |
| C. A Mancha | 17.902 | 16.921 | 981 | 9,73 | 9,20 |
| Ceuta | 1.281 | 478 | 803 | 17,94 | 6,69 |
| Melilla | 1.189 | 479 | 710 | 17,74 | 7,15 |
| A Rioxa | 2.919 | 2.647 | 272 | 10,02 | 9,09 |
| Estremadura | 9.897 | 10.114 | -217 | 9,27 | 9,48 |
| Cantabria | 4.961 | 5.300 | -339 | 9,05 | 9,67 |
| Aragón | 11.489 | 13.099 | -1.610 | 9,29 | 10,60 |
| Asturias | 7.320 | 12.474 | -5.154 | 6,91 | 11,77 |
| C. e León | 18.923 | 25.909 | -6.986 | 7,67 | 10,51 |
| **Galicia** | **20.692** | **28.484** | **-7.792** | **7,64** | **10,51** |
| España | 453.278 | 370.698 | 82.580 | 10,62 | 8,68 |

(1) En tanto por mil.
Fonte: INE. Movemento natural da poboación.

■ Cadro 3.5

**Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-2003**

| | Nacementos | Defuncións | Crecemento natural |
|---|---|---|---|
| 1975 | 43.850 | 25.834 | 18.016 |
| 1980 | 39.154 | 24.681 | 14.473 |
| 1985 | 28.427 | 26.295 | 2.132 |
| 1990 | 22.501 | 27.979 | -5.478 |
| 1995 | 18.799 | 28.464 | -9.665 |
| 2000 | 19.418 | 28.858 | -9.440 |
| 2001 | 19.361 | 28.300 | -8.939 |
| 2002 | 19.350 | 28.275 | -8.925 |
| 2003 | 20.435 | 29.727 | -9.292 |
| **2004*** | **20.692** | **28.484** | **-7.792** |

*Dato provisional
Fonte: IGE (http://www.xunta.es/auto/ige/) e INE (INE Base)

A evolución no último quinquenio do crecemento natural e das taxas de natalidade e mortalidade de Galicia, España e a UE explicita no cadro 3.6 que:

- Galicia ten unha taxa de natalidade claramente menor que a de España ou da UE, ao tempo que a súa taxa de mortalidade supera á destes dous ámbitos xeográficos. Como consecuencia, presenta un saldo vexetativo negativo ao redor dun 3 por mil anual mentres que o saldo é lixeiramente positivo en España e na UE.

- Diminuíu a intensidade da caída poboacional por motivos naturais en Galicia en 2004, despois dun cuadrienio no que estivera sempre no 3,4-3,5 por mil; o descenso de medio punto da taxa de mortalidade no último ano foi a causante (nun ano de estabilización da taxa de natalidade).

**Taxas brutas de natalidade e mortalidade. Crecemento vexetativo. 2000-2004**

■ **Cadro 3.6**

| | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004* |
|---|---|---|---|---|---|
| **Natalidade** | | | | | |
| **Galicia** | **7,2** | **7,2** | **7,2** | **7,6** | **7,6** |
| España | 9,9 | 10,0 | 10,2 | 10,5 | 10,6 |
| UE (15 países) | 10,8 | 10,6 | 10,6 | - | - |
| UE (25 países) | 10,6 | 10,4 | 10,3 | - | - |
| **Mortalidade** | | | | | |
| **Galicia** | **10,7** | **10,5** | **10,5** | **11,0** | **10,5** |
| España | 9,0 | 8,9 | 9,0 | 9,2 | 8,7 |
| UE (15 países) | 9,7 | 9,6 | 9,8 | - | - |
| UE (25 países) | 9,9 | 9,7 | 9,9 | - | - |
| **Saldo vexetativo** | | | | | |
| **Galicia** | **-3,5** | **-3,4** | **-3,4** | **-3,4** | **-2,9** |
| España | 0,9 | 1,1 | 1,2 | 1,3 | 1,3 |
| UE (15 países) | 1,1 | 1,0 | 0,8 | - | - |
| UE (25 países) | 0,7 | 0,7 | 0,4 | - | - |

Datos en tanto por mil
(*) Dato provisional
Fonte: INE e EUROSTAT

A evolución na última década do saldo vexetativo (con desagregación provincial) do cadro 3.7 salienta que:

- En Lugo e Ourense o saldo é negativo no entorno do 7 por mil e en A Coruña do 3 por mil, mentres que Pontevedra abandonou en 2004 o lixeiro saldo negativo do resto do período analizado.
- No último quinquenio é perceptible unha continua suba do saldo demográfico natural no conxunto do estado, con repuntes especialmente intensos en 2000 e 2004 que o fixeron quedar no valor máis alto da década (4,5 veces por riba do de 1995).

■ **Cadro 3.7**

**Saldo vexetativo, por 1000 habitantes. Por provincias. 1995-2004**

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003* | 2004* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | -3,18 | -3,47 | -2,86 | -2,91 | -3,49 | -2,82 | -2,71 | -2,69 | -3,50 | -2,97 |
| Lugo | -7,67 | -8,19 | -7,98 | -7,86 | -8,80 | -8,19 | -8,48 | -8,43 | -7,73 | -7,25 |
| Ourense | -7,08 | -7,50 | -7,56 | -7,98 | -8,20 | -7,97 | -7,77 | -7,77 | -7,66 | -6,94 |
| Pontevedra | -0,95 | -0,96 | -0,91 | -0,90 | -0,83 | -0,78 | -0,33 | -0,50 | -0,14 | 0,40 |
| España | **0,44** | **0,28** | **0,49** | **0,12** | **0,23** | **0,93** | **1,14** | **1,22** | **1,34** | **1,93** |

(*) Cifras provisionales.
Fonte: INE, "Indicadores demográficos básicos".

No *Informe Sociolaboral* do pasado ano estudamos a evolución do indicador conxuntural de fertilidade (o número de fillos por muller en idade fértil) en Galicia, España e a UE de 1975 a 2001; vimos alí que o valor do índice galego estaba en 2001 no 40% do valor que tiña en 1975, nivel baixísimo que supón un 75% do dun

estado que no ano 1976 ocupaba o segundo posto da UE-15 (por detrás de Irlanda) e que pasou á última posición un cuarto de século despois. A taxa de fecundidade española de 2004 (1,32) subiu unha décima no último quinquenio e supera en tres décimas á galega, pero segue dúas décimas por baixo do promedio da UE.

### 3.1.3. Poboación estranxeira

A importante chegada de poboación do estranxeiro (inmigrantes e emigrantes retornados) é un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e máis aínda da española) na alborada do século XXI. O cadro 3.8 explicita o aumento continuado da poboación estranxeira en Galicia nos últimos anos (con especial intensidade no trienio 2001-2003) de xeito que en 2004 triplica á de 1998.

Cadro 3.8

**Poboación estranxeira en Galicia. 1998-2004**

| 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 19.693 | 21.787 | 25.602 | 33.058 | 42.462 | 53.808 | **58.387** |

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes

Cadro 3.9

**Poboación estranxeira segundo nacionalidade. Galicia. 2001-2004**

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|
| **Total** | **33.058** | **42.462** | **53.808** | **58.387** |
| Nacionalidades europeas | 14.985 | 16.761 | 18.840 | 18.904 |
| Nacionalidades africanas | 2.781 | 3.645 | 4.518 | 5.108 |
| América Central | 2.526 | 2.919 | 3.427 | 3.437 |
| América do Norte | 1.176 | 1.350 | 1.649 | 1.599 |
| América do Sur | 10.783 | 16.839 | 24.257 | 28.070 |
| Nacionalidades asiáticas | 753 | 887 | 1.023 | 1.164 |
| Oceanía | 50 | 58 | 92 | 104 |
| Apátridas | 4 | 3 | 2 | 1 |

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes

Atendendo á nacionalidade desa poboación estranxeira, o cadro 3.9 reflicte que desde 2002 as persoas de América do Sur sobrepasan ao colectivo que tradicionalmente ocupaba o primeiro posto (as nacionalidades doutros estados europeos distintos do español). A suba das persoas chegadas a Galicia de Sudamérica foi dun 160% no último trienio.

A desagregación por sexos e provincias que figura no cadro 3.10 permite sobrancear que:

- En 2004 as mulleres son un 52,5% da poboación estranxeira e os homes un 47,5%; nese ano as provincias da Coruña e Pontevedra concentran case tres de cada catro persoas estranxeiras residentes en Galicia (72,9%).
- Na comparanza co total de habitantes de cada provincia, Ourense é a que ten máis poboación estranxeira (anque en termos absolutos é Pontevedra).

**Poboación estranxeira. Segundo sexo e provincias. Galicia. 2001-2004**

■ **Cadro 3.10**

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|
| **Total** | | | | |
| **Galicia** | **33.058** | **42.462** | **53.808** | **58.387** |
| A Coruña | 10.360 | 13.885 | 18.212 | 19.945 |
| Lugo | 3.398 | 4.231 | 5.229 | 5.542 |
| Ourense | 7.927 | 9.132 | 10.055 | 10.283 |
| Pontevedra | 11.373 | 15.214 | 20.312 | 22.617 |
| **Homes** | | | | |
| **Galicia** | **15.659** | **20.037** | **25.649** | **27.746** |
| A Coruña | 4.667 | 6.218 | 8.326 | 9.111 |
| Lugo | 1.585 | 1.955 | 2.407 | 2.460 |
| Ourense | 3.859 | 4.367 | 4.754 | 4.797 |
| Pontevedra | 5.548 | 7.497 | 10.162 | 11.378 |
| **Mulleres** | | | | |
| **Galicia** | **17.399** | **22.425** | **28.159** | **30.641** |
| A Coruña | 5.693 | 7.667 | 9.886 | 10.834 |
| Lugo | 1.813 | 2.276 | 2.822 | 3.082 |
| Ourense | 4.068 | 4.765 | 5.301 | 5.486 |
| Pontevedra | 5.825 | 7.717 | 10.150 | 11.239 |

Fonte. INE. Padrón Municipal de Habitantes

### 3.1.4. Movementos migratorios

O cadro 3.11 dá conta dos movementos migratorios en Galicia de 1990 a 2003 e constata que no último bienio analizado acadouse o saldo migratorio positivo máis intenso do período analizado. A composición interna destes movementos migratorios reflicte:

- A forte suba no último bienio da entrada en Galicia de persoas chegadas do estranxeiro (inmigrantes e máis emigrantes retornados), que fixo que o saldo migratorio co estranxeiro acade o valor máis positivo dos catorce anos analizados. Cómpre lembrar que ao redor do 46% das persoas que viñeron a Galicia do estranxeiro nos últimos anos foron emigrantes retornados

- Pola contra, o saldo migratorio co resto do estado presenta signo negativo ininterrompidamente desde 1995 , e foi cada vez máis intenso ata o ano 2000 e decrecente no seguinte trienio.

- A continua suba da emigración galega ao resto do estado desde 1997 (coa única excepción do ano 2001) que fixo que en 2003 se supere por primeira vez o limiar de 20.000 persoas no período estudado.

■ Cadro 3.11

**Emigracións, inmigracións e saldos migratorios. Galicia. 1990-2003**

| | Emigrantes | | | Inmigrantes | | | Saldos migratorio | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ao resto do Estado | Ao estranxeiro | Total | Do resto do Estado | Do estranxeiro | Total | Co resto do Estado | Co estranxeiro | Total |
| 1990 | 11.404 | | **11.404** | 10.196 | 4.532 | **14.728** | -1.208 | 4.532 | **3.324** |
| 1991 | 5.978 | | **5.978** | 5.812 | 3.557 | **9.369** | -166 | 3.557 | **3.391** |
| 1992 | 7.916 | | **7.916** | 8.523 | 6.308 | **14.831** | 607 | 6.308 | **6.915** |
| 1993 | 8.136 | | **8.136** | 9.246 | 5.155 | **14.401** | 1.110 | 5.155 | **6.265** |
| 1994 | 9.272 | | **9.272** | 10.024 | 4.286 | **14.310** | 752 | 4.286 | **5.038** |
| 1995 | 10.410 | | **10.410** | 10.011 | 4.354 | **14.365** | -399 | 4.354 | **3.955** |
| 1996 | 8.110 | | **8.110** | 6.434 | 3.204 | **9.638** | -1.676 | 3.204 | **1.528** |
| 1997 | 11.653 | | **11.653** | 9.515 | 5.908 | **15.423** | -2.138 | 5.908 | **3.770** |
| 1998 | 14.169 | | **14.169** | 10.595 | 6.850 | **17.445** | -3.574 | 6.850 | **3.276** |
| 1999 | 15.880 | | **15.880** | 10.742 | 8.506 | **19.248** | -5.138 | 8.506 | **3.368** |
| 2000 | 17.281 | | **17.281** | 11.628 | 12.547 | **24.175** | -5.653 | 12.547 | **6.894** |
| 2001 | 16.028 | | **16.028** | 11.799 | 11.395 | **23.194** | -4.229 | 11.395 | **7.166** |
| 2002 | 18.684 | 4.193 | **22.877** | 15.032 | 18.186 | **33.218** | -3.652 | 13.993 | **10.341** |
| 2003 | 20.297 | 2.251 | **22.548** | 16.670 | 17.053 | **33.723** | -3.627 | 14.802 | **11.175** |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

O cadro 3.12 afonda nas migracións entre as distintas comunidades autónomas no último bienio; salientaremos que o saldo é negativo en Galicia nos dous anos, pero en 2004 é aproximadamente a metade que no ano anterior.

■ Cadro 3.12

**Migracións interiores: Saldo por comunidade autónoma e tipo de migración. 2003-2004**

| | 2003 | | | 2004 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Inmigracións | Emigracións | Saldo | Inmigracións | Emigracións | Saldo |
| **España** | 1.323.927 | 1.323.927 | 0 | 1.527.446 | 1.527.446 | 0 |
| Andalucía | 190.645 | 187.583 | 3.062 | 224.577 | 210.668 | 13.909 |
| Aragón | 29.724 | 30.942 | -1.218 | 34.927 | 34.466 | 461 |
| Asturias | 21.518 | 23.855 | -2.337 | 25.628 | 26.448 | -820 |
| Baleares | 46.354 | 40.812 | 5.542 | 45.058 | 46.393 | -1.335 |
| Canarias | 70.425 | 68.779 | 1.646 | 82.862 | 81.882 | 980 |
| Cantabria | 19.912 | 18.399 | 1.513 | 22.600 | 20.942 | 1.658 |
| C. León | 60.662 | 51.685 | 8.977 | 70.890 | 58.658 | 12.232 |
| C. A Mancha | 70.080 | 75.314 | -5.234 | 76.925 | 81.382 | -4.457 |
| Cataluña | 265.043 | 263.494 | 1.549 | 316.757 | 319.745 | -2.988 |
| C. Valenciana | 148.607 | 133.237 | 15.370 | 178.062 | 161.462 | 16.600 |
| Estremadura | 20.957 | 23.966 | -3.009 | 23.800 | 24.190 | -390 |
| **Galicia** | **67.252** | **70.904** | **-3.652** | **75.643** | **77.520** | **-1.877** |
| Madrid | 193.624 | 211.732 | -18.108 | 212.457 | 245.788 | -33.331 |
| Murcia | 32.562 | 31.729 | 833 | 39.673 | 36.115 | 3.558 |
| Navarra | 21.006 | 20.870 | 136 | 23.150 | 23.024 | 126 |
| País Vasco | 53.172 | 56.721 | -3.549 | 59.080 | 62.670 | -3.590 |
| A Rioxa | 8.847 | 8.599 | 248 | 11.752 | 10.749 | 1.003 |
| Ceuta | 1.810 | 2.624 | -814 | 1.632 | 2.656 | -1.024 |
| Melilla | 1.727 | 2.682 | -955 | 1.973 | 2.688 | -715 |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales

Os cadros 3.13 e 3.14 desagregan as migracións dentro do estado español no último bienio segundo sexan de españois ou de estranxeiros. Subliñaremos que:

- En España as migracións intraestatais en 2004 acadaron a cifra de 1.527.446 desprazamentos, dos que un 76,6% correspondeu a españois e un 23,4% a estranxeiros.
- A proporción 1/3 que aproximadamente representan os desprazamentos dos estranxeiros respecto dos españois a nivel estatal, transfórmase en Galicia en: 1/9 nas emigracións e en 1/11 nas inmigracións (o que non significa que os estranxeiros non vaian gañando peso, xa que en 2003 esas proporcións eran 1/11 e 1/13 respectivamente).

**Migracións dentro do Estado de españois. Por comunidade autónoma. 2003-2004**

**Cadro 3.13**

| | 2003 | | | 2004 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Inmigracións | Emigracións | Saldo | Inmigracións | Emigracións | Saldo |
| **España** | 1.174.313 | 1.174.313 | 0 | 1.169.708 | 1.169.708 | 0 |
| Madrid | 152.606 | 171.971 | -19.365 | 151.043 | 173.720 | -22.677 |
| País Vasco | 48.048 | 53.082 | -5.034 | 48.682 | 54.283 | -5.601 |
| C. León | 67.146 | 71.140 | -3.994 | 65.514 | 69.197 | -3.683 |
| Cataluña | 230.848 | 233.841 | -2.993 | 227.691 | 234.098 | -6.407 |
| **Galicia** | **69.637** | **72.193** | **-2.556** | **69.228** | **70.040** | **-812** |
| Baleares | 35.101 | 35.989 | -888 | 32.759 | 34.271 | -1.512 |
| Asturias | 22.472 | 23.328 | -856 | 23.002 | 23.749 | -747 |
| Ceuta | 1.827 | 2.561 | -734 | 1.557 | 2.417 | -860 |
| Melilla | 1.675 | 2.399 | -724 | 1.617 | 2.219 | -602 |
| Estremadura | 20.849 | 21.420 | -571 | 20.566 | 20.409 | 157 |
| Aragón | 25.843 | 26.110 | -267 | 26.097 | 25.566 | 531 |
| Navarra | 16.551 | 16.381 | 170 | 16.319 | 16.287 | 32 |
| Canarias | 64.842 | 64.121 | 721 | 64.388 | 64.217 | 171 |
| A Rioxa | 8.085 | 7.260 | 825 | 8.360 | 7.391 | 969 |
| Murcia | 22.296 | 21.233 | 1.063 | 22.783 | 21.062 | 1.721 |
| Cantabria | 19.512 | 17.312 | 2.200 | 20.043 | 18.107 | 1.936 |
| C. Valenciana | 121.211 | 112.415 | 8.796 | 123.674 | 114.072 | 9.602 |
| Andalucía | 188.430 | 177.109 | 11.321 | 189.437 | 174.698 | 14.739 |
| C. A Mancha | 57.334 | 44.448 | 12.886 | 56.948 | 43.905 | 13.043 |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales

## Migracións dentro do estado de estranxeiros. Por comunidade autónoma. 2003-2004

**Cadro 3.14**

| | 2003 | | | 2004 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Inmigracións | Emigracións | Saldo | Inmigracións | Emigracións | Saldo |
| **España** | 293.590 | 293.590 | 0 | 357.738 | 357.738 | 0 |
| Madrid | 54.542 | 63.033 | -8.491 | 61.414 | 72.068 | -10.654 |
| **Galicia** | **5.384** | **6.455** | **-1.071** | **6.415** | **7.480** | **-1.065** |
| C. León | 9.002 | 10.025 | -1.023 | 11.411 | 12.185 | -774 |
| Murcia | 12.459 | 13.331 | -872 | 16.890 | 15.053 | 1.837 |
| Estremadura | 2.229 | 2.943 | -714 | 3.234 | 3.781 | -547 |
| Andalucía | 26.131 | 26.782 | -651 | 35.140 | 35.970 | -830 |
| C. A Mancha | 11.570 | 12.046 | -476 | 13.942 | 14.753 | -811 |
| Aragón | 7.248 | 7.578 | -330 | 8.830 | 8.900 | -70 |
| Navarra | 6.437 | 6.622 | -185 | 6.831 | 6.737 | 94 |
| Baleares | 10.762 | 10.852 | -90 | 12.299 | 12.122 | 177 |
| Ceuta | 132 | 194 | -62 | 75 | 239 | -164 |
| Melilla | 315 | 306 | 9 | 356 | 469 | -113 |
| Asturias | 2.320 | 2.303 | 17 | 2.626 | 2.699 | -73 |
| A Rioxa | 2.679 | 2.527 | 152 | 3.392 | 3.358 | 34 |
| Cantabria | 2.320 | 2.141 | 179 | 2.557 | 2.835 | -278 |
| Canarias | 15.015 | 14.235 | 780 | 18.474 | 17.665 | 809 |
| País Vasco | 8.387 | 6.275 | 2.112 | 10.398 | 8.387 | 2.011 |
| Cataluña | 70.877 | 66.867 | 4.010 | 89.066 | 85.647 | 3.419 |
| C. Valenciana | 45.781 | 39.075 | 6.706 | 54.388 | 47.390 | 6.998 |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales

## Saldos Migratorios segundo lugar da migración. Galicia e provincias. Ano 2003

**Cadro 3.15**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| **Saldo migratorio** | **6.190** | **815** | **35** | **4.135** | **11.175** |
| **Saldo interno** | **704** | **-189** | **-571** | **56** | **-** |
| A Coruña | - | -239 | -306 | -159 | - |
| Lugo | 239 | - | -83 | 33 | - |
| Ourense | 306 | 83 | - | 182 | - |
| Pontevedra | 159 | -33 | -182 | | |
| **Saldo externo** | **5.486** | **1.004** | **606** | **4.079** | **11.175** |
| *Resto de España* | -1.285 | *-185* | *-883* | *-1.274* | ***-3.627*** |
| Andalucía | -243 | -39 | -70 | -154 | **-506** |
| Aragón | -101 | -11 | -14 | -23 | **-149** |
| Asturias | 0 | 33 | -18 | 46 | **61** |
| Baleares | -105 | -64 | -62 | -109 | **-340** |
| Canarias | -558 | -129 | -176 | -470 | **-1.333** |
| Cantabria | -3 | -7 | 3 | -27 | **-34** |
| C. León | 107 | -25 | -64 | 2 | **20** |
| C. A Mancha | 8 | -7 | -52 | -69 | **-120** |
| Cataluña | -281 | 78 | -120 | -258 | **-581** |
| Estremadura | -2 | -5 | -4 | -5 | **-16** |
| Madrid | 40 | 39 | -63 | 21 | **37** |
| Murcia | 55 | -6 | -13 | -15 | **21** |
| Navarra | -58 | -12 | -32 | 6 | **-96** |
| C. Valenciana | -188 | -36 | -136 | -224 | **-584** |
| País Vasco | 79 | 12 | -41 | 28 | **78** |
| A Rioxa | -40 | -1 | -27 | -1 | **-69** |
| Ceuta | 0 | 4 | 4 | -22 | **-14** |
| Melilla | 5 | -9 | 2 | 0 | **-2** |
| *Estranxeiro* | *6.771* | *1.189* | *1.489* | *5.353* | ***14.802*** |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcinados polo INE

O saldo migratorio segundo o lugar de migración que figura no cadro 3.15 reflicte que en 2003:

- No tocante ao saldo interno, as dúas provincias máis desenvolvidas de Galicia seguen a recibir poboación mentres que a perden Lugo e Ourense; sobrancea especialmente o saldo migratorio positivo da Coruña e o negativo de Ourense.

- No saldo migratorio externo, o saldo coas outras comunidades autónomas é negativo para Galicia (e para cada unha das súas provincias) , especialmente con Canarias (que encabeza a clasificación nas catro provincias), C. Valenciana e Andalucía: o saldo migratorio co estranxeiro, en cambio, é positivo nas catro provincias galegas e especialmente intenso nas da Coruña e Pontevedra (que concentran un 81,9% do saldo total).

O cadro 3.16 manifesta que cuantitativamente os principais destinos da emigración galega son: outras poboacións de Galicia (72,1%), outras comunidades autónomas (25,1%) e o estranxeiro (2,8%). Galicia foi en 2003 a segunda comunidade autónoma con máis emigración ao estranxeiro en valor absoluto e a primeira en relación coa súa poboación cun índice de 77 por cada 100.000 habitantes (o dobre da media española).

**Cadro 3.16**

**Emigracións segundo lugar de destino. Galicia e provincias. Ano 2003**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total emigración** | **36.115** | **8.700** | **12.412** | **23.672** | **80.899** |
| **Emigración interna** | **26.895** | **6.277** | **8.772** | **16.407** | **58.351** |
| A Coruña | 23.743 | 1.247 | 696 | 1.913 | **27.599** |
| Lugo | 1.008 | 4.284 | 355 | 441 | **6.088** |
| Ourense | 390 | 272 | 6.615 | 924 | **8.201** |
| Pontevedra | 1.754 | 474 | 1.106 | 13.129 | **16.463** |
| **Emigración externa** | **9.220** | **2.423** | **3.640** | **7.265** | **22.548** |
| *Resto de España* | 8.181 | 2.274 | 3.117 | 6.725 | **20.297** |
| Andalucía | 745 | 127 | 167 | 523 | **1.562** |
| Aragón | 190 | 38 | 48 | 112 | **388** |
| Asturias | 358 | 304 | 86 | 168 | **916** |
| Baleares | 554 | 111 | 120 | 428 | **1.213** |
| Canarias | 1.937 | 263 | 408 | 1.944 | **4.552** |
| Cantabria | 135 | 40 | 23 | 83 | **281** |
| C. León | 508 | 221 | 377 | 427 | **1.533** |
| C. A Mancha | 145 | 38 | 80 | 141 | **404** |
| Cataluña | 1.043 | 431 | 596 | 869 | **2.939** |
| Estremadura | 48 | 24 | 28 | 60 | **160** |
| Madrid | 1.224 | 366 | 512 | 933 | **3.035** |
| Murcia | 149 | 24 | 34 | 120 | **327** |
| Navarra | 111 | 23 | 49 | 61 | **244** |
| C. Valenciana | 580 | 116 | 256 | 535 | **1.487** |
| País Vasco | 340 | 124 | 278 | 254 | **996** |
| A Rioxa | 77 | 11 | 46 | 31 | **165** |
| Ceuta | 17 | 1 | 5 | 25 | **48** |
| Melilla | 20 | 12 | 4 | 11 | **47** |
| *Estranxeiro* | *1.039* | *149* | *523* | *540* | ***2.251*** |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcinados polo INE

O cadro 3.17 certifica que cuantitativamente os lugares de procedencia principais dos desprazamentos poboacionais son tamén os internos e que os de fóra de Galicia están moi equilibrados entre o estranxeiro (50,6%) e as outras comunidades autónomas (49,4%).

**Inmigracións segundo lugar de procedencia. Galicia e provincias. Ano 2003**

■ **Cadro 3.17**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total inmigración** | **42.305** | **9.515** | **12.447** | **27.807** | **92.074** |
| **Inmigración interna** | **27.599** | **6.088** | **8.201** | **16.463** | **58.351** |
| A Coruña | 23.743 | 1.008 | 390 | 1.754 | **26.895** |
| Lugo | 1.247 | 4.284 | 272 | 474 | **6.277** |
| Ourense | 696 | 355 | 6.615 | 1.106 | **8.772** |
| Pontevedra | 1.913 | 441 | 924 | 13.129 | **16.407** |
| **Inmigración externa** | **14.706** | **3.427** | **4.246** | **11.344** | **33.723** |
| *Resto de España* | 6.896 | 2.089 | 2.234 | 5.451 | **16.670** |
| Andalucía | 502 | 88 | 97 | 369 | **1.056** |
| Aragón | 89 | 27 | 34 | 89 | **239** |
| Asturias | 358 | 337 | 68 | 214 | **977** |
| Baleares | 449 | 47 | 58 | 319 | **873** |
| Canarias | 1.379 | 134 | 232 | 1.474 | **3.219** |
| Cantabria | 132 | 33 | 26 | 56 | **247** |
| C. León | 615 | 196 | 313 | 429 | **1.553** |
| C. A Mancha | 153 | 31 | 28 | 72 | **284** |
| Cataluña | 762 | 509 | 476 | 611 | **2.358** |
| Estremadura | 46 | 19 | 24 | 55 | **144** |
| Madrid | 1.264 | 405 | 449 | 954 | **3.072** |
| Murcia | 204 | 18 | 21 | 105 | **348** |
| Navarra | 53 | 11 | 17 | 67 | **148** |
| C. Valenciana | 392 | 80 | 120 | 311 | **903** |
| País Vasco | 419 | 136 | 237 | 282 | **1.074** |
| A Rioxa | 37 | 10 | 19 | 30 | **96** |
| Ceuta | 17 | 5 | 9 | 3 | **34** |
| Melilla | 25 | 3 | 6 | 11 | **45** |
| *Estranxeiro* | *7.810* | *1.338* | *2.012* | *5.893* | ***17.053*** |

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcinados polo INE
Ocupados en 1995

## 3.2. Estudio das variables laborais. Cambio metodolóxico

No resto deste capítulo analizaremos o comportamento das variables básicas do mercado laboral galego no último ano, e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo, para estudar mellor a súa evolución. Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o importante cambio metodolóxico do ano 2002 introduciu diferenzas grandes á hora de avaliar os datos das diversas magnitudes do mercado laboral respecto dos anos anteriores; neste epígrafe realizaremos a súa análise.

Cómpre subliñar que ademais o INE vén de realizar unha nova revisión da EPA no ano 2005 (basicamente a nova metodoloxía implica unha actualización do censo de poboación) que fai cambiar substancialmente a radiografía dos mercados laborais galego e español do período 1998-2004. No que respecta a Galicia, a cuantificación

do noso menor dinamismo demográfico (respecto do computado anteriormente) supón que baixaría a cifra das persoas activas en 40.375, a das ocupadas en 36.650, a das desempregadas en 3.725, as taxa de actividade e de emprego nun punto e baixaría nunha décima a taxa de desemprego. Haberá que ter en conta no *Informe Sociolaboral* do próximo ano esta "nova EPA".

### 3.2.1. Cambio metodolóxico na EPA.

No ano 2002 o INE introduciu modificacións moi importantes na enquisa de poboación activa, que afectaron aos aspectos metodolóxicos relativos ás definicións das variables e ao proceso de cálculo dos resultados. Concretamente, os cambios a partir da enquisa realizada no primeiro trimestre de 2002 foron os seguintes:

1.- Pasan a usarse as novas proxeccións de poboación do INE, que teñen en conta o importante incremento de poboación desde a segunda metade da década dos noventa debido ao aumento da inmigración (e do retorno de emigrantes); a poboación estranxeira "con papeis" triplicouse en España de 1995 a 2002 (cunha suba absoluta próxima ás 900.000 persoas). Consecuentemente, o INE revisou as proxeccións que viña utilizando (que tiñan como punto de partida o Censo de Poboación de 1991).

2.- Incorpórase un cambio técnico (reponderación dos factores de elevación) que quere corrixir máis axeitadamente a falla de resposta dalgúns colectivos á enquisa. A EPA é unha enquisa dirixida aos fogares e o INE atopa dificultades sobre todo para entrevistar a aqueles formados por unha soa persoa ou por unha parella na que os dous membros traballan, xa que é máis difícil contactar con eles; pese ás medidas que se toman para afrontar este problema (como a repetición das visitas dos entrevistadores ou as chamadas telefónicas) a EPA tende a sobrerrepresentar a poboación de maior idade (que adoita estar máis nos fogares).

Para que a enquisa reflicta ben o peso que cada grupo de idade ten na poboación introduciuse unha mellora técnica coñecida como "reponderación dos factores de elevación". Esta reponderación dos factores de elevación do deseño da enquisa está prevista no artigo 3.5 do Regulamento 577/1998 do Consello da Unión Europea, de 9 de marzo de 1998.

3.- Vén regulamentado pola Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e consiste en que se aplica a nova definición de persoa desempregada, establecida no Regulamento (CE) Nº 1897/2000 da Comisión Europea, de 7 de setembro de 2000. Esta nova definición segue a recoller nas liñas fundamentais a definición de desemprego establecida pola OIT pero prodúcese un importante cambio na interpretación de que se entende por "busca activa de emprego", xa que o novo Regulamento establece especificamente instrucións que sinalan que se consideran métodos de busca activa de emprego.

Galicia (e España en xeral) vese moi afectada por estes novos requisitos porque anteriormente a simple inscrición nunha oficina pública de emprego como demandante de emprego, válida por tres meses, era requisito suficiente para considerar desempregada a esa persoa.

### 3.2.2 Repercusión dos cambios metodolóxicos da EPA

Unha consecuencia moi importante dun dos cambios metodolóxicos da EPA no ano 2002 (as novas proxeccións de poboación) foi a suba da poboación utilizada nesa enquisa, polo que subiu tamén o valor absoluto de todas as variables do mercado laboral (poboación de 16 ou máis anos, ocupados, parados e inactivos). As taxas (de actividade, emprego ou paro) practicamente non se viron afectadas por este factor, debido a que se incrementaron nunha proporción semellante numerador e denominador da fórmula que se usa para calculalas.

O INE cuantificou o incremento da poboación en idade de traballar (16 ou máis anos) no conxunto de España nun 2,5%, anque afectou menos a algunhas comunidades (como Estremadura, Aragón ou as dúas Castelas) e moito máis a outras (como Canarias ou Baleares); Galicia quedou nun lugar intermedio.

Outro cambio (a reponderación dos factores de elevación da enquisa) fixo que a poboación en idade de traballar presentase variacións importantes nos grupos de idade de 25 a 54 anos (que subiu a súa representación na enquisa dun 49,3% a un 52,7%) e de 55 ou máis anos (que baixou a representación na EPA do 35,3% ó 31,7%). Como consecuencia, modificáronse outros resultados relevantes desta enquisa; en particular aumentou o número de persoas ocupadas -debido a que hai unha maior proporción de ocupados no grupo de idade de 25 a 54 anos, que agora gañou peso na enquisa-.

O INE estimou o efecto conxunto dos dous últimos cambios metodolóxicos analizados nos parágrafos anteriores nunha suba do emprego en España no ano 2001 superior ao millón de persoas ocupadas e en Galicia de 85.000 persoas.

A variación dos requisitos para considerar desempregada a unha persoa trouxo como consecuencia que unha parte das persoas que se consideraban desempregadas pasaron a considerarse inactivas. Co obxecto de poder cuantificar o impacto do cambio na definición de persoa desempregada, o INE no ano 2001 modificou os cuestionarios da enquisa para poder rexistrar os datos tanto coa antiga como coa nova definición pero os cuestionarios anteriores ao ano 2001 non incluían o matiz sobre si a busca de emprego era ou non activa, polo que non é posible determinar para o ano 2000 -ou calquera dos anteriores- qué cifras de desemprego tería dado a EPA no caso de se ter usado a nova definición de persoa desempregada.

Como resumo, diremos que o impacto conxunto dos tres cambios da EPA son realmente importantes. Co fin de paliar -na medida do posible- a ruptura das series da EPA, este organismo proporcionou unha corrección dos microdatos de tal xeito que os resultados podan ser comparables no cuarto de século: 1976-2001. Non obstante, estas series históricas non se puideron corrixir do efecto inducido polo cambio na definición de desemprego e polo tanto séguese a producir unha *ruptura das series de actividade, paro e inactividade dende o primeiro trimestre do ano 2001*, que cómpre ter moi en conta á hora de sacar conclusións na análise das estatísticas destas variables laborais para medio ou longo prazo.

### 3.2.3 Cuantificación do impacto da nova metodoloxía

O INE realizou unha cuantificación da medición do impacto dos cambios metodolóxicos nas principais variables laborais para cada un dos trimestres do ano 1991, tanto no conxunto do estado como en cada unha das comunidades autóno-

mas. Presentamos a continuación os datos para Galicia e España (este último entre parénteses) no cuarto trimestre de 1991:

- poboación de 16 ou máis anos: + 34.300 (+825.400)
- poboación activa: + 61.100 (+932.500)
- poboación ocupada: + 84.900 (+ 1.254.100)
- poboación desempregada: -23.800 (-321.600)
- taxa de actividade: + 1,9 (+ 1,5)
- taxa de emprego: +3,0 (+ 2,6)
- taxa de paro: -2,7 (-2,5)

Como se pode apreciar, nas variables en termos absolutos a repercusión é especialmente importante na poboación ocupada (que subiu en máis de un millón de persoas no total español). Nas taxas, a variación é maior en Galicia que no termo medio estatal; é especialmente intenso o cambio na suba da taxa de emprego e a diminución na de paro.

## 3.3. Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución xeral no último trienio en Galicia de distintas variables nas que logo afondaremos ao longo deste mesmo capítulo: A poboación de 16 ou máis anos, a activa, a ocupada, a parada e a inactiva. O cadro 3.18 amosa que no ano 2004:

- A poboación galega de 16 e máis anos presentou un aumento moi lixeiro (0,24%), menor que o do ano anterior.
- A poboación activa galega tivo de novo unha forte suba (2,31%), case dez veces superior á da poboación de 16 ou máis anos anque 1,3 puntos porcentuais menor que a do ano anterior. Foi moito maior nas mulleres (4,14%) que nos homes (0,94%).
- A poboación ocupada de Galicia creceu en 2004 con menos forza que no ano anterior (desta volta un 1,3%, fronte ao 3,1% de 2003) e non de abondo como para absorber o intenso crecemento da poboación activa. A suba da ocupación tamén foi especialmente forte nas mulleres (3,1%) mentres que practicamente estancouse nos homes (0,2%).
- O paro estimado pola EPA de Galicia subiu de novo (desta volta con especial intensidade: un 9,1%) e fíxoo nos dous sexos, algo máis nos homes (9,7%) que nas mulleres (8,7%).
- A poboación inactiva volveu a baixar (desta volta un 2,1%) máis intensamente nas mulleres (2,7%) que nos homes (1,1%).

Ese mesmo cadro permítelle ás persoas interesadas realizar unha análise desagregada por provincias da evolución das cinco variables laborais estudadas.

■ **Cadro 3.18**

## Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2002-2004

| | 2002 | | | | | 2003 | | | | | 2004 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total 16 e + anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Inactivos | Total 16 e + anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Inactivos | Total 16 e + anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Inactivos |
| **Total** | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | **2.372,3** | **1.220,4** | **1.072,3** | **148,4** | **1.151,9** | **2.380,9** | **1.265,2** | **1.105,4** | **159,8** | **1.115,8** | **2.386,7** | **1.294,6** | **1.120,5** | **174,3** | **1.092,0** |
| A Coruña | 967,3 | 496,4 | 432,7 | 63,7 | 470,9 | 971,5 | 529,3 | 456,9 | 72,4 | 442,2 | 974,6 | 541,4 | 463,0 | 78,4 | 433,2 |
| Lugo | 317,2 | 156,2 | 142,0 | 14,4 | 161,0 | 316,2 | 157,1 | 144,4 | 12,8 | 159,1 | 314,9 | 162,3 | 148,4 | 13,9 | 152,6 |
| Ourense | 303,4 | 147,5 | 135,0 | 12,6 | 155,9 | 303,9 | 142,7 | 130,6 | 12,0 | 161,3 | 304,1 | 143,7 | 124,8 | 19,0 | 160,4 |
| Pontevedra | 784,4 | 420,3 | 362,6 | 57,7 | 364,1 | 789,3 | 436,1 | 373,5 | 62,6 | 353,2 | 793,1 | 447,2 | 384,3 | 63,0 | 345,8 |
| **Homes** | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | **1.132,0** | **704,5** | **646,9** | **57,8** | **427,5** | **1.135,5** | **719,5** | **659,7** | **59,7** | **416,1** | **1.137,6** | **726,3** | **660,9** | **65,5** | **411,3** |
| A Coruña | 465,8 | 290,1 | 263,1 | 27,0 | 175,7 | 463,4 | 299,7 | 273,1 | 26,6 | 163,7 | 467,0 | 303,3 | 273,8 | 29,5 | 163,7 |
| Lugo | 152,5 | 88,9 | 83,4 | 5,6 | 63,6 | 152,2 | 88,3 | 83,3 | 5,0 | 63,9 | 148,3 | 90,2 | 86,3 | 3,9 | 58,1 |
| Ourense | 146,4 | 85,0 | 79,5 | 5,6 | 61,4 | 146,9 | 83,5 | 78,5 | 4,9 | 63,5 | 145,1 | 81,8 | 73,8 | 8,1 | 63,3 |
| Pontevedra | 367,3 | 240,5 | 220,9 | 19,6 | 126,8 | 373,0 | 248,0 | 224,8 | 23,2 | 125,0 | 377,2 | 251,0 | 227,0 | 24,0 | 126,2 |
| **Mulleres** | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | **1.240,3** | **515,9** | **425,4** | **90,6** | **724,4** | **1.245,4** | **545,7** | **445,7** | **100,1** | **699,7** | **1.249,1** | **568,3** | **459,6** | **108,8** | **680,7** |
| A Coruña | 501,5 | 206,3 | 169,6 | 36,7 | 295,2 | 508,1 | 229,6 | 183,8 | 45,8 | 278,5 | 507,6 | 238,1 | 189,2 | 48,9 | 269,5 |
| Lugo | 164,7 | 67,3 | 58,6 | 8,8 | 97,4 | 164,0 | 68,8 | 61,1 | 7,8 | 95,2 | 166,6 | 72,1 | 62,1 | 10,0 | 94,5 |
| Ourense | 157,0 | 62,5 | 55,5 | 7,0 | 94,5 | 157,0 | 59,2 | 52,1 | 7,1 | 97,8 | 159,0 | 61,9 | 51,0 | 10,9 | 97,1 |
| Pontevedra | 417,1 | 179,8 | 141,7 | 38,1 | 237,3 | 416,3 | 188,1 | 148,7 | 39,4 | 228,2 | 415,9 | 196,2 | 157,3 | 39,0 | 219,6 |

Miles de persoas. Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

O cadro 3.19 engade ao balance do mercado de traballo do cadro anterior a evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego no último trienio así como a desagregación por trimestres en 2004 das poboacións activa, ocupada e desempregada.

■ **Cadro 3.19**

## Enquisa de poboación activa. Principais resultados. Galicia 2002-2004

| | Poboación activa | Poboación ocupada | Poboación parada | Taxa de actividade | Taxa de ocupación | Taxa de paro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002* | 1.220,5 | 1.072,2 | 148,3 | 51,4 | 45,2 | 12,2 |
| 2003* | 1.265,2 | 1.105,4 | 159,8 | 53,1 | 46,4 | 12,6 |
| 2004* | 1.294,6 | 1.120,3 | 174,3 | 54,2 | 46,9 | 13,5 |
| **2004** | | | | | | |
| I Trimestre | 1.289,1 | 1.100,4 | 188,7 | 54,0 | 46,1 | 14,7 |
| II Trimestre | 1.290,7 | 1.110,2 | 180,5 | 54,1 | 46,5 | 14,2 |
| III Trimestre | 1.293,2 | 1.128,4 | 164,8 | 54,2 | 47,3 | 13,0 |
| IV Trimestre | 1.305,5 | 1.142,2 | 163,3 | 54,7 | 47,8 | 12,6 |

(*) Medias anuais
Miles de persoas (e porcentaxes nas taxas de actividade e ocupacións)
Fonte: INE. Encuesta de Población Activa. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Subliñaremos, no tocante á evolución das taxas en 2004 que medraron as tres: a de actividade 1,1 puntos porcentuais, a de emprego 0,5 puntos e a de desemprego 0,9 puntos; as tres tiveron unha evolución positiva a medida que transcorrían os trimestres no último ano.

## 3.4. Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega, analizando primeiro a evolución da poboación activa e da taxa de actividade (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de dezaseis e máis anos) e despois a distribución da poboación activa por grupos de idade e provincias.

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 3.20 reflicte que:

- Todas as comunidades aumentaron a súa poboación activa no cuarto trimestre de 2004 en comparanza co mesmo período de 2003, agás Asturias, Canarias, Cantabria e Ceuta-Melilla; a maior suba porcentual tivérona A Rioxa e Estremadura.
- En Galicia subiu en 2004 un 2,3%, medio punto porcentual por riba da media española e avanzou unha décima na súa participación porcentual na poboación activa de España.

**Cadro 3.20** — **Poboación activa por comunidades autónomas**

| | Valores absolutos Miles | | | Distribución porcentual | | | Variacións anuais Miles | | | Variacións anuais % | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 3.132,5 | 3.207,4 | 3.273,8 | 16,9 | 16,9 | 16,9 | 94,1 | 74,9 | 66,4 | 3,1 | 2,4 | 2,1 |
| Aragón | 512,3 | 521,4 | 529,4 | 2,8 | 2,7 | 2,7 | 17,8 | 9,1 | 8,0 | 3,6 | 1,8 | 1,5 |
| Asturias | 419,8 | 441,3 | 427,9 | 2,3 | 2,3 | 2,2 | 26,3 | 21,5 | -13,4 | 6,7 | 5,1 | -3,0 |
| Baleares | 406,2 | 424,1 | 431,0 | 2,2 | 2,2 | 2,2 | 25,6 | 17,9 | 6,9 | 6,7 | 4,4 | 1,6 |
| Canarias | 843,5 | 893,5 | 893,3 | 4,6 | 4,7 | 4,6 | 28,6 | 50,0 | -0,2 | 3,5 | 5,9 | 0,0 |
| Cantabria | 235,2 | 245,0 | 244,2 | 1,3 | 1,3 | 1,3 | 3,7 | 9,8 | -0,8 | 1,6 | 4,2 | -0,3 |
| C. A Mancha | 726,1 | 737,4 | 759,6 | 3,9 | 3,9 | 3,9 | 26,4 | 11,3 | 22,2 | 3,8 | 1,6 | 3,0 |
| C. León | 1.043,3 | 1.056,8 | 1.083,5 | 5,6 | 5,6 | 5,6 | 16,2 | 13,5 | 26,7 | 1,6 | 1,3 | 2,5 |
| Cataluña | 3.082,7 | 3.172,1 | 3.181,7 | 16,7 | 16,7 | 16,5 | 58,3 | 89,4 | 9,6 | 1,9 | 2,9 | 0,3 |
| C. Valenciana | 1.980,3 | 2.026,6 | 2.086,9 | 10,7 | 10,7 | 10,8 | 46,6 | 46,3 | 60,3 | 2,4 | 2,3 | 3,0 |
| Estremadura | 448,8 | 453,2 | 469,3 | 2,4 | 2,4 | 2,4 | 34,0 | 4,4 | 16,1 | 8,2 | 1,0 | 3,6 |
| **Galicia** | **1.235,7** | **1.276,5** | **1.305,5** | **6,7** | **6,7** | **6,8** | **39,4** | **40,8** | **29,0** | **3,3** | **3,3** | **2,3** |
| Madrid | 2.503,5 | 2.554,4 | 2.640,1 | 13,5 | 13,5 | 13,7 | 25,2 | 50,9 | 85,7 | 1,0 | 2,0 | 3,4 |
| Murcia | 517,8 | 537,9 | 548,1 | 2,8 | 2,8 | 2,8 | 22,9 | 20,1 | 10,2 | 4,6 | 3,9 | 1,9 |
| Navarra | 251,4 | 257,9 | 262,7 | 1,4 | 1,4 | 1,4 | 2,6 | 6,5 | 4,8 | 1,0 | 2,6 | 1,9 |
| País Vasco | 986,9 | 1.004,0 | 1.008,1 | 5,3 | 5,3 | 5,2 | 14,0 | 17,1 | 4,1 | 1,4 | 1,7 | 0,4 |
| A Rioxa | 118,4 | 120,2 | 128,4 | 0,6 | 0,6 | 0,7 | 1,3 | 1,8 | 8,2 | 1,1 | 1,5 | 6,8 |
| Ceuta e Melilla | 51,1 | 59,5 | 56,9 | 0,3 | 0,3 | 0,3 | -0,3 | 8,4 | -2,6 | -0,6 | 16,4 | -4,4 |
| **España** | **18.495,5** | **18.989,2** | **19.330,4** | **100,0** | **100,0** | **100,0** | **482,7** | **493,7** | **341,2** | **2,7** | **2,7** | **1,8** |

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 72, marzo 2005)

O cadro 3.21 amosa que a taxa de actividade subiu en Galicia en 2004 catro décimas máis que a estatal e o seu valor quedou 1,4 puntos por baixo da estatal (o menor diferencial do período analizado.

■ Cadro 3.21

**Taxas de actividade por comunidades autónomas**

| | Valores das taxas En porcentaxe | | | Variacións anuais En puntos porcentuais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 52,5 | 53,3 | 54,1 | 1,2 | 0,8 | 0,8 |
| Aragón | 51,5 | 52,5 | 53,4 | 1,9 | 1,0 | 0,9 |
| Asturias | 45,5 | 47,9 | 46,6 | 2,9 | 2,4 | -1,3 |
| Baleares | 59,2 | 60,5 | 60,3 | 2,5 | 1,3 | -0,2 |
| Canarias | 57,3 | 59,3 | 58,1 | 0,5 | 2,0 | -1,2 |
| Cantabria | 51,5 | 53,5 | 53,2 | 0,6 | 2,0 | -0,3 |
| C. A Mancha | 50,8 | 51,4 | 52,7 | 1,5 | 0,6 | 1,3 |
| C. León | 49,5 | 50,2 | 51,6 | 0,9 | 0,7 | 1,4 |
| Cataluña | 58,2 | 59,6 | 59,5 | 0,8 | 1,4 | -0,1 |
| C. Valenciana | 56,8 | 57,5 | 58,7 | 0,7 | 0,7 | 1,2 |
| Estremadura | 50,4 | 50,7 | 52,3 | 3,5 | 0,3 | 1,6 |
| **Galicia** | **52,0** | **53,6** | **54,7** | **1,4** | **1,6** | 1,1 |
| Madrid | 56,3 | 57,0 | 58,4 | 0,0 | 0,7 | 1,4 |
| Murcia | 55,3 | 56,8 | 57,3 | 1,8 | 1,5 | 0,5 |
| Navarra | 55,0 | 56,2 | 57,0 | 0,3 | 1,2 | 0,8 |
| País Vasco | 55,2 | 56,2 | 56,4 | 0,7 | 1,0 | 0,2 |
| A Rioxa | 51,8 | 52,3 | 55,6 | 0,3 | 0,5 | 3,3 |
| Ceuta e Melilla | 46,1 | 53,0 | 50,1 | -0,9 | 6,9 | -2,9 |
| **España** | **54,3** | **55,4** | **56,1** | **1,0** | **1,1** | **0,7** |

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 72, marzo 2005)

A diferenza por sexos de actividade (para Galicia e cada unha das provincias) figura no cadro 3.22, no que subliñaremos:

- Que a taxa de actividade subiu en Galicia en 2004 moito máis nas mulleres (1,7 puntos) que nos homes (0,4 puntos), afondando na tendencia do ano anterior.
- Por provincias, a taxa de actividade global subiu nas catro (con especial intensidade en Lugo) e moi lixeiramente en Ourense.
- A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia subliña que a feminina subiu nas catro provincias (con especial intensidade en Pontevedra) mentres que a masculina só subiu nas dúas setentrionais (de xeito moi lixeiro en A Coruña).

**Cadro 3.22**

**Taxa de actividade por sexo e provincia. Galicia. 2002-2004**

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | |
| Homes | 62,3 | 64,7 | 64,9 |
| Mulleres | 41,1 | 45,2 | 46,9 |
| **Total** | **51,3** | **54,5** | **55,6** |
| **Lugo** | | | |
| Homes | 58,3 | 58,0 | 60,8 |
| Mulleres | 40,9 | 42,0 | 43,3 |
| **Total** | **49,3** | **49,7** | **51,5** |
| **Ourense** | | | |
| Homes | 58,1 | 56,8 | 56,4 |
| Mulleres | 39,8 | 37,7 | 38,9 |
| **Total** | **48,6** | **46,9** | **47,3** |
| **Pontevedra** | | | |
| Homes | 65,5 | 66,5 | 66,5 |
| Mulleres | 43,1 | 45,2 | 47,2 |
| **Total** | **53,6** | **55,3** | **56,4** |
| **Galicia** | | | |
| Homes | **62,2** | **63,4** | **63,8** |
| Mulleres | **41,6** | **43,8** | **45,5** |
| **Total** | **51,4** | **53,1** | **54,2** |

Medias anuais
Fonte: INE, EPA (os datos de Galicia están recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O desglose por grupos de idade do cadro 3.23 permite constatar que no ano 2004 aumentou en Galicia a poboación activa en todos os grupos de idade agás no das persoas máis novas (16 a 19 anos), no que diminúe un ano máis (e con moita máis intensidade que en 2003). O estancamento demográfico galego que comezou hai xa dúas décadas é un dos principais condicionantes desta baixa incorporación dos máis novos á actividade económica.

**Cadro 3.23**

**Poboación activa por grupos de idade. Galicia e provincias. 2002-2004**

| | 2002 | | | | | 2003 | | | | | 2004 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | De 16 a 19 anos | De 20 a 24 anos | De 25 a 54 anos | De 55 e + anos | Total | De 16 a 19 anos | De 20 a 24 anos | De 25 a 54 anos | De 55 e + anos | Total | De 16 a 19 anos | De 20 a 24 anos | De 25 a 54 anos | De 55 e + anos |
| **Galicia** | **1220,4** | **23,4** | **107,7** | **937,5** | **151,8** | **1265,2** | **22,8** | **112,7** | **976,4** | **153,3** | **1294,7** | **17,4** | **113,7** | **1004,0** | **159,6** |
| A Coruña | 496,4 | 8,0 | 44,8 | 379,3 | 64,3 | 529,2 | 10,0 | 44,7 | 413,7 | 60,8 | 541,4 | 6,6 | 48,2 | 424,2 | 62,4 |
| Lugo | 156,2 | 2,4 | 9,6 | 119,7 | 24,5 | 157,2 | 1,7 | 12,3 | 118,8 | 24,4 | 162,3 | 1,6 | 11,9 | 124,1 | 24,7 |
| Ourense | 147,4 | 2,2 | 10,1 | 116,6 | 18,5 | 142,6 | 2,0 | 10,9 | 109,8 | 19,9 | 143,8 | 1,6 | 9,8 | 107,5 | 24,9 |
| Pontevedra | 420,4 | 10,8 | 43,2 | 321,9 | 44,5 | 436,2 | 9,1 | 44,8 | 334,1 | 48,2 | 447,2 | 7,6 | 43,8 | 348,2 | 47,6 |

Miles de persoas. Medias anuais
Fonte: EPA. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A poboación activa globalmente subiu nas catro provincias, e fíxoo con moita menor intensidade na de Ourense. A análise cruzada por grupo de idade e provincias reflicte que na provincia da Coruña deuse a maior diminución da poboación activa das persoas de 16 a 19 anos.

## 3.5. A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, analizaremos agora a poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución global e maila da taxa de ocupación, e posteriormente veremos cómo se distribúen os ocupados por sexos, sectores económicos, provincias, grupos de idade e situación profesional.

### 3.5.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 3.24 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no último trienio así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

**Cadro 3.24** Poboación ocupada por comunidades autónomas. 2002-2004

| | Valores absolutos (miles) | | | Dsitribución porcentual | | | Variacións anuais | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Miles | | | % | | |
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 2.499,9 | 2.615,2 | 2.750,3 | 15,3 | 15,5 | 15,9 | 46,7 | 115,3 | 135,1 | 1,9 | 4,6 | 5,2 |
| Aragón | 480,0 | 489,1 | 501,4 | 2,9 | 2,9 | 2,9 | 9,0 | 9,1 | 12,3 | 1,9 | 1,9 | 2,5 |
| Asturias | 377,8 | 397,0 | 383,5 | 2,3 | 2,4 | 2,2 | 11,2 | 19,2 | -13,5 | 3,1 | 5,1 | -3,4 |
| Baleares | 373,4 | 384,4 | 398,4 | 2,3 | 2,3 | 2,3 | 11,5 | 11,0 | 14,0 | 3,2 | 2,9 | 3,6 |
| Canarias | 748,5 | 785,4 | 799,3 | 4,6 | 4,7 | 4,6 | 21,6 | 36,9 | 13,9 | 3,0 | 4,9 | 1,8 |
| Cantabria | 210,1 | 219,8 | 216,7 | 1,3 | 1,3 | 1,3 | -0,8 | 9,7 | -3,1 | -0,4 | 4,6 | -1,4 |
| C. A Mancha | 655,8 | 666,6 | 684,6 | 4,0 | 4,0 | 4,0 | 18,3 | 10,8 | 18,0 | 2,9 | 1,6 | 2,7 |
| C. León | 938,6 | 941,5 | 971,6 | 5,7 | 5,6 | 5,6 | 16,1 | 2,9 | 30,1 | 1,7 | 0,3 | 3,2 |
| Cataluña | 2.786,8 | 2.889,7 | 2.900,6 | 17,0 | 17,1 | 16,7 | 25,1 | 102,9 | 10,9 | 0,9 | 3,7 | 0,4 |
| C. Valenciana | 1.772,3 | 1.819,4 | 1.884,1 | 10,8 | 10,8 | 10,9 | 12,2 | 47,1 | 64,7 | 0,7 | 2,7 | 3,6 |
| Estremadura | 363,6 | 375,7 | 387,1 | 2,2 | 2,2 | 2,2 | 7,0 | 12,1 | 11,4 | 2,0 | 3,3 | 3,0 |
| **Galicia** | **1.087,8** | **1.104,8** | **1.142,2** | **6,6** | **6,6** | **6,6** | **17,8** | **17,0** | **37,4** | **1,7** | **1,6** | **3,4** |
| Madrid | 2.330,4 | 2.375,5 | 2.465,1 | 14,2 | 14,1 | 14,2 | 27,0 | 45,1 | 89,6 | 1,2 | 1,9 | 3,8 |
| Murcia | 458,6 | 481,5 | 494,9 | 2,8 | 2,9 | 2,9 | 18,3 | 22,9 | 13,4 | 4,2 | 5,0 | 2,8 |
| Navarra | 238,2 | 242,7 | 250,4 | 1,5 | 1,4 | 1,4 | 0,5 | 4,5 | 7,7 | 0,2 | 1,9 | 3,2 |
| País Vasco | 895,3 | 910,4 | 918,9 | 5,5 | 5,4 | 5,3 | 15,3 | 15,1 | 8,5 | 1,7 | 1,7 | 0,9 |
| A Rioxa | 111,2 | 112,7 | 122,6 | 0,7 | 0,7 | 0,7 | -0,4 | 1,5 | 9,9 | -0,4 | 1,3 | 8,8 |
| Ceuta e Melilla | 49,0 | 50,8 | 51,7 | 0,3 | 0,3 | 0,3 | 0,0 | 1,8 | 0,9 | 0,0 | 3,7 | 1,8 |
| **España** | **16.377,3** | **16.862,2** | **17.323,4** | **100,0** | **100,0** | **100,0** | **256,4** | **484,9** | **461,2** | **1,6** | **3,0** | **2,7** |

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 72, marzo 2005)

- O emprego subiu en todas as comunidades no último ano, agás Asturias e Cantabria; a maior intensidade na xeración de emprego presentárona A Rioxa (8,8%) e Andalucía (5,2%).

- En Galicia subiu o emprego un 3,4% (0,7 puntos porcentuais por riba do promedio estatal), cun ritmo que dobrou o do ano anterior e o de 2002.

- A participación de Galicia no total de ocupación española mantense estabilizada no último trienio no 6,6% (lixeiramente por riba do noso peso demográfico nese período).

A análise taxa de ocupación (porcentaxe de ocupados respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) do cadro 3.25 reflite que:

- Esta taxa presentou en Galicia (e tamén en España) unha clara tendencia ascendente no último trienio. No ano 2004 destacaron pola súa suba A Rioxa e Andalucía mentres que baixou a taxa de ocupación en Asturias, Canarias e Cantabria.

- A taxa de emprego de Galicia segue a estar en 2004 por baixo da estatal e o diferencial (2,5 puntos) queda tres décimas porcentuais por baixo do anterior ano.

- Na análise comparativa por comunidades autónomas, vese que a nosa taxa de emprego (47,8%) está algo máis próxima á menor (Asturias, cun 41,7%) que á maior (Baleares, cun 55,8%); en seis comunidades (e nas cidades autónomas: Ceuta - Melilla) está por baixo de Galicia: Estremadura, Asturias, Andalucía, Castela-León, Cantabria e Castela-A Mancha.

**Taxas de ocupación por comunidades autónomas. 2002-2004**

**Cadro 3.25**

| | Valores das taxas En porcentaxe | | | Variacións anuais En puntos porcentuais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 41,9 | 43,5 | 45,4 | 0,4 | 1,6 | 1,9 |
| Aragón | 48,2 | 49,2 | 50,6 | 0,9 | 1,0 | 1,4 |
| Asturias | 40,9 | 43,1 | 41,7 | 1,2 | 2,2 | -1,4 |
| Baleares | 54,4 | 54,8 | 55,8 | 0,5 | 0,4 | 1,0 |
| Canarias | 50,8 | 52,1 | 52,0 | 0,2 | 1,3 | -0,1 |
| Cantabria | 46,0 | 48,0 | 47,2 | -0,4 | 2,0 | -0,8 |
| C. A Mancha | 45,9 | 46,4 | 47,5 | 1,0 | 0,5 | 1,1 |
| C. León | 44,5 | 44,7 | 46,3 | 0,8 | 0,2 | 1,6 |
| Cataluña | 52,6 | 54,3 | 54,3 | 0,2 | 1,7 | 0,0 |
| C. Valenciana | 50,8 | 51,6 | 53,0 | -0,3 | 0,8 | 1,4 |
| Estremadura | 40,9 | 42,0 | 43,1 | 0,6 | 1,1 | 1,1 |
| **Galicia** | **45,8** | **46,4** | **47,8** | **0,5** | **0,6** | **1,4** |
| Madrid | 52,4 | 53,0 | 54,6 | 0,1 | 0,6 | 1,6 |
| Murcia | 49,0 | 50,8 | 51,7 | 1,4 | 1,8 | 0,9 |
| Navarra | 52,1 | 52,9 | 54,4 | -0,1 | 0,8 | 1,5 |
| País Vasco | 50,1 | 50,9 | 51,4 | 0,8 | 0,8 | 0,5 |
| A Rioxa | 48,6 | 49,0 | 53,0 | -0,5 | 0,4 | 4,0 |
| Ceuta e Melilla | 44,1 | 45,3 | 45,5 | -0,5 | 1,2 | 0,2 |
| **España** | **48,1** | **49,2** | **50,3** | **0,4** | **1,1** | **1,1** |

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS. Coyuntura Laboral Nº 72, marzo 2005)

A desagregación por sexos das taxas de emprego que figuran no cadro 3.26 explicita que:

- Anque a taxa de ocupación galega é menor que a estatal nos dous sexos, a diferenza é especialmente intensa nos homes (4,2 puntos) e moi lixeira nas mulleres (1,1 puntos).
- Só teñen unha taxa de emprego masculina menor que Galicia dúas comunidades (Asturias e Extremadura) mentres que na feminina hai sete por debaixo da nosa taxa.

**Taxas de ocupación. Por sexo e comunidade autónoma. 2004**

**Cadro 3.26**

| | Total | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| **Ambos sexos** | | | |
| **España** | **49,75** | **62,28** | **37,93** |
| Andalucía | 44,51 | 59,15 | 30,65 |
| Aragón | 50,46 | 62,77 | 38,66 |
| Asturias | 42,22 | 54,33 | 31,32 |
| Baleares | 56,25 | 66,59 | 46,21 |
| Canarias | 51,48 | 63,01 | 40,05 |
| Cantabria | 47,67 | 61,10 | 35,13 |
| C. A Mancha | 46,86 | 62,89 | 31,18 |
| C. León | 45,55 | 58,96 | 32,65 |
| Cataluña | 54,31 | 64,99 | 44,23 |
| C. Valenciana | 52,07 | 64,30 | 40,47 |
| Estremadura | 42,85 | 57,94 | 28,21 |
| **Galicia** | **46,94** | **58,09** | **36,79** |
| Madrid | 54,18 | 65,83 | 43,63 |
| Murcia | 51,18 | 65,60 | 37,19 |
| Navarra | 53,76 | 65,45 | 42,35 |
| País Vasco | 50,83 | 62,08 | 40,28 |
| A Rioxa | 51,20 | 64,47 | 38,23 |
| Ceuta e Melilla | 44,87 | 59,64 | 28,68 |

Medias anuais
Fonte:INE, EPA

Nas comparanzas internacionais utilízase moito a taxa de emprego da poboación comprendida entre os 16 e os 64 anos, que é a que recollemos no cadro 3.27 para os dous sexos e as diferentes comunidades autónomas en 2004; destacaremos que:

- A taxa global galega está 1,6 puntos por baixo do promedio estatal e uns dez puntos por baixo dos estándares internacionais dos países desenvolvidos (por exemplo os da OCDE).
- O diferencial a prol de España da taxa de emprego dos homes respecto da galega é de 3,4 puntos porcentuais, mentres que na feminina hai unha lixeira diferenza (0,5 puntos) a prol de Galicia, anque non debemos esquecer que as taxas de ocupación das mulleres está en Galicia e España na cola de Europa (ao carón de Grecia).

■ Só catro comunidades autónomas presentan unha taxa de ocupación masculina menor que a galega, mentres que na feminina hai nove comunidades por detrás da nosa.

Xa en anteriores *Informes* subliñabamos a gravidade de que as economías galega e española presenten unhas taxas de ocupación tan baixas en comparanza coas da UE e da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva aos nosos recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente. Ben lonxe nos queda aínda (pese á suba dos últimos anos) o obxectivo que a UE se marcou para o ano 2010 no *Cumio de Lisboa*: unha taxa de ocupación global do 70%.

**Taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos.**
**Por comunidades autónomas e sexo. 2004**

■ **Cadro 3.27**

| | Total | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| **España** | **61,93** | **74,95** | **48,80** |
| Andalucía | 53,73 | 69,28 | 38,10 |
| Aragón | 66,56 | 79,71 | 53,01 |
| Asturias | 54,75 | 67,49 | 42,26 |
| Baleares | 67,90 | 78,16 | 57,34 |
| Canarias | 59,94 | 71,59 | 47,84 |
| Cantabria | 60,21 | 74,30 | 45,98 |
| C. A Mancha | 60,28 | 78,44 | 41,38 |
| C. León | 60,36 | 75,07 | 45,04 |
| Cataluña | 68,20 | 78,83 | 57,48 |
| C. Valenciana | 64,11 | 76,73 | 51,39 |
| Estremadura | 54,49 | 71,02 | 37,13 |
| **Galicia** | **60,36** | **71,54** | **49,30** |
| Madrid | 66,56 | 78,09 | 55,42 |
| Murcia | 62,09 | 77,43 | 46,34 |
| Navarra | 67,54 | 79,46 | 55,12 |
| País Vasco | 63,95 | 75,56 | 52,33 |
| A Rioxa | 65,32 | 79,25 | 50,70 |
| Ceuta e Melilla (1) | 53,29 | 68,51 | 35,41 |

(1) As estimacions de Ceuta e Melilla non sepublican desagregadas porque o tamaño mostral en cada unha delas non o permite.
Medias anuais
Fonte:INE

A análise da taxa de ocupación das provincias galegas do cadro 3.28 amosa que:

■ As dúas provincias máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra) presentan as maiores taxas mentres que Ourense ten claramente o valor máis baixo (5,9 puntos porcentuais por baixo do promedio galego).

■ Na desagregación por sexos, constátase que a taxa de ocupación dos homes é especialmente baixa na provincia de Ourense (7,3 puntos menos que a galega) e a das mulleres está no entorno do 37% agás en Ourense (que ten case cinco puntos menos).

Taxas de ocupación por sexo e provincia.
Galicia. 2002-2004

Cadro 3.28

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | |
| Homes | 56,5 | 58,9 | 58,6 |
| Mulleres | 33,8 | 36,2 | 37,3 |
| **Total** | **44,7** | **47,0** | **47,5** |
| **Lugo** | | | |
| Homes | 54,7 | 54,7 | 58,2 |
| Mulleres | 35,6 | 37,2 | 37,3 |
| **Total** | **44,7** | **45,6** | **45,6** |
| **Ourense** | | | |
| Homes | 54,3 | 53,5 | 50,8 |
| Mulleres | 35,3 | 33,2 | 32,1 |
| **Total** | **44,5** | **43,0** | **41,0** |
| **Pontevedra** | | | |
| Homes | 60,1 | 60,3 | 60,2 |
| Mulleres | 34,0 | 35,7 | 37,8 |
| **Total** | **46,2** | **47,3** | **48,5** |
| **Galicia** | | | |
| Homes | **57,1** | **58,1** | **58,1** |
| Mulleres | **34,3** | **35,8** | **36,8** |
| **Total** | **45,2** | **46,4** | **46,9** |

Medias anuais
Fonte: INE, EPA.

## 3.5.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional

O desglose por sexos, sectores económicos e idades do cadro 3.29 certifica que:

- O avance do emprego no último bienio foi moito maior nas mulleres que nos homes; por sectores sobranceou especialmente a xeración de emprego neto nos servizos.

- O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) tivo no ano 2004 unha forte suba (19.500 persoas) e supón xa un 57,5% do emprego total galego (un punto máis que o ano anterior) anque segue bastante por baixo da media estatal e do conxunto dos países máis desenvolvidos. En 2004, só no sector agro-pesqueiro baixou a ocupación.

- Na distribución da poboación ocupada por sexos, os homes son maioritarios no ano 2004 no emprego de tódolos sectores produtivos agás nos servizos; a diferenza é especialmente notable na construción e máis pequena no sector agro-pesqueiro (no que a muller é predominante no grupo de maior idade).

- A desagregación en catro grupos de idade permite constatar que a suba do emprego de 2004 deuse en tres deles; só no das idades máis novas diminuíu a poboación ocupada e o fixo con especial intensidade nas mulleres, que perderon algo máis da metade da ocupación nese grupo de idade). No grupo de 20 a 24 anos diminuíu o emprego masculino nese ano.

**■ Cadro 3.29** **Poboación ocupada [(1)] por sexo, grupos de idade e sector económico. Galicia. 2002-2004**

| | 2002 | | | | | 2003 | | | | | 2004 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Agr. e pesca | Ind. | Const. | Servizos | Total | Agr. e pesca | Ind. | Const. | Servizos | Total | Agr. e pesca | Ind. | Const. | Servizos |
| **Total** | | | | | | | | | | | | | | | |
| de 16 a 19 anos | **16,8** | **1,6** | **5,4** | **3,4** | **6,4** | **16,9** | **1,4** | **4,5** | **2,9** | **8,2** | **12,5** | **0,4** | **3,4** | **2,8** | **5,9** |
| de 20 a 24 anos | **82,0** | **3,7** | **22,0** | **15,7** | **40,6** | **83,0** | **5,0** | **20,8** | **13,2** | **44,0** | **84,6** | **3,6** | **18,5** | **12,5** | **50,0** |
| de 25 a 54 anos | **829,1** | **89,5** | **170,8** | **99,9** | **468,8** | **861,5** | **87,9** | **168,1** | **99,5** | **506,1** | **876,1** | **86,7** | **169,5** | **104,3** | **515,6** |
| de 55 e + anos | **144,2** | **43,2** | **19,9** | **14,3** | **66,8** | **144,0** | **42,5** | **21,2** | **13,8** | **66,4** | **147,2** | **35,3** | **24,1** | **15,1** | **72,7** |
| **Total** | **1.072,2** | **138,1** | **218,1** | **133,4** | **582,6** | **1.105,4** | **136,7** | **214,6** | **129,4** | **624,7** | **1.120,3** | **126,0** | **215,5** | **134,7** | **644,2** |
| **Homes** | | | | | | | | | | | | | | | |
| de 16 a 19 anos | 11,2 | 1,6 | 3,3 | 3,4 | 2,9 | 11,7 | 1,1 | 3,5 | 2,9 | 4,2 | 9,9 | 0,4 | 3,1 | 2,8 | 3,6 |
| de 20 a 24 anos | 51,8 | 3,4 | 15,4 | 15,3 | 17,7 | 51,6 | 3,6 | 17,5 | 12,8 | 17,7 | 50,7 | 3,0 | 14,4 | 11,8 | 21,5 |
| de 25 a 54 anos | 498,0 | 53,2 | 117,6 | 95,1 | 232,1 | 509,6 | 49,6 | 118,0 | 95,4 | 246,6 | 512,5 | 48,9 | 118,1 | 97,5 | 248,0 |
| de 55 e + anos | 85,8 | 17,8 | 15,9 | 13,9 | 38,2 | 86,9 | 17,4 | 17,7 | 13,7 | 38,0 | 87,6 | 14,6 | 19,5 | 14,8 | 38,8 |
| **Total** | **646,8** | **76,0** | **152,1** | **127,7** | **290,9** | **659,8** | **71,7** | **156,8** | **124,8** | **306,4** | **660,8** | **66,8** | **155,1** | **126,9** | **311,9** |
| **Mulleres** | | | | | | | | | | | | | | | |
| de 16 a 19 anos | 5,6 | - | 2,1 | - | 3,5 | 5,2 | 0,3 | 0,9 | - | 4,0 | 2,5 | - | 0,3 | - | 2,3 |
| de 20 a 24 anos | 30,2 | 0,3 | 6,7 | 0,4 | 22,8 | 31,4 | 1,4 | 3,3 | 0,4 | 26,4 | 33,9 | 0,6 | 4,1 | 0,6 | 28,5 |
| de 25 a 54 anos | 331,1 | 36,3 | 53,2 | 4,9 | 236,7 | 351,9 | 38,3 | 50,0 | 4,1 | 259,5 | 363,5 | 37,8 | 51,4 | 6,8 | 267,6 |
| de 55 e + anos | 58,4 | 25,4 | 4,0 | 0,5 | 28,6 | 57,2 | 25,0 | 3,5 | 0,2 | 28,4 | 59,6 | 20,7 | 4,6 | 0,4 | 33,9 |
| **Total** | **425,4** | **62,1** | **65,9** | **5,7** | **291,7** | **445,7** | **65,0** | **57,8** | **4,6** | **318,3** | **459,5** | **59,2** | **60,3** | **7,7** | **332,3** |

(1) Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Para coñecer a situación profesional dos ocupados de Galicia presentamos o cadro 3.30, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último bienio. Sobrancearemos que:

- A poboación asalariada subiu en 2004 de novo (anque con menos forza que en 2003) e supón xa un 74,4% da poboación ocupada de Galicia; séguenlle en importancia cuantitativa os "empresarios ou membros de cooperativas" (que baixou lixeiramente nese ano) e, xa de moi lonxe, as "axudas familiares", que tiveron unha suba importante no último ano (do 7,5%). Aproxímase máis, deste xeito, a nosa *taxa de salarización* ás medias do estado e da Unión Europea, anque segue por baixo delas.

- Por sexos, en 2004 en Galicia dúas de cada tres persoas ocupadas como "axudas familiares" son mulleres, e están fundamentalmente empregadas no sector primario e nos servizos -nos que duplican e triplican respectivamente aos homes-. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres supoñen só un 40,6%.

**Cadro 3.30** **Poboación ocupada [1] por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2002-2004**

| | 2002 | | | | | 2003 | | | | | 2004 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Agri. e pesca | Ind. | Constru. | Servizos | Total | Agri. e pesca | Ind. | Constru. | Servizos | Total | Agri. e pesca | Ind. | Constru. | Servizos |
| **Total** | | | | | | | | | | | | | | | |
| Asalariados | 780,8 | 27,9 | 198,4 | 103,9 | 450,6 | 818,8 | 28,9 | 190,4 | 102,5 | 497,0 | 833,1 | 24,4 | 189,1 | 104,7 | 514,9 |
| Empresario ou membro de cooperativa | 255,2 | 86,8 | 17,9 | 28,9 | 121,7 | 255,3 | 85,3 | 23,1 | 26,7 | 120,1 | 253,1 | 78,0 | 25,2 | 12,5 | 120,0 |
| Axudas familiares | 35,4 | 23,3 | 1,7 | 0,7 | 9,8 | 30,7 | 22,0 | 1,0 | 0,2 | 7,4 | 33,0 | 23,3 | 1,1 | 0,0 | 8,6 |
| Outra situación | 0,8 | 0,2 | 0,1 | 0,0 | 0,6 | 0,7 | 0,5 | 0,1 | 0,0 | 0,1 | 16,1 | 0,2 | 0,1 | 15,1 | 0,7 |
| **Total** | **1.072,2** | **138,1** | **218,1** | **133,4** | **582,6** | **1.105,4** | **136,7** | **214,6** | **129,4** | **624,7** | **1.120,3** | **126,0** | **215,5** | **134,7** | **644,2** |
| **Homes** | | | | | | | | | | | | | | | |
| Asalariados | 476,8 | 24,6 | 137,4 | 99,8 | 215,0 | 495,4 | 23,4 | 138,6 | 98,8 | 234,7 | 495,1 | 20,6 | 135,0 | 98,1 | 241,4 |
| Empresario ou membro de cooperativa | 158,6 | 43,9 | 13,7 | 27,5 | 73,5 | 154,2 | 40,9 | 18,1 | 26,0 | 69,3 | 155,4 | 38,4 | 20,0 | 28,8 | 68,1 |
| Axudas familiares | 11,0 | 7,5 | 1,0 | 0,4 | 2,1 | 9,8 | 7,1 | 0,1 | 0,1 | 2,5 | 9,7 | 7,7 | 0,1 | - | 1,9 |
| Outra situación | 0,4 | - | 0,1 | | 0,3 | 0,4 | 0,4 | - | - | - | 0,6 | 0,1 | - | - | 0,5 |
| **Total** | **646,8** | **76,0** | **152,1** | **127,7** | **290,9** | **659,8** | **71,7** | **156,8** | **124,8** | **306,4** | **660,8** | **66,8** | **155,1** | **126,9** | **311,9** |
| **Mulleres** | | | | | | | | | | | | | | | |
| Asalariados | 304,1 | 3,3 | 61,0 | 4,1 | 235,6 | 323,4 | 5,6 | 51,7 | 3,8 | 262,3 | 338,1 | 3,8 | 54,1 | 6,6 | 273,5 |
| Empresario ou membro de cooperativa | 96,6 | 42,9 | 4,2 | 1,4 | 48,2 | 101,0 | 44,4 | 5,1 | 0,7 | 50,8 | 97,7 | 39,6 | 5,2 | 1,1 | 51,9 |
| Axudas familiares | 24,3 | 15,7 | 0,7 | 0,2 | 7,7 | 20,9 | 14,9 | 0,9 | 0,1 | 5,0 | 23,2 | 15,6 | 1,0 | - | 6,7 |
| Outra situación | 58,4 | 0,1 | - | - | 0,2 | 0,3 | 0,1 | 0,1 | - | 0,1 | 0,5 | 0,2 | 0,1 | - | 0,2 |
| **Total** | **425,4** | **62,1** | **65,9** | **5,7** | **291,7** | **445,7** | **65,0** | **57,8** | **4,6** | **318,3** | **459,5** | **59,2** | **60,3** | **7,7** | **332,3** |

(1) Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A desagregación provincial da poboación ocupada en cada sector económico no último trienio podemos vela no cadro 3.31. Respecto da ocupación global por provincias, sobrancearemos que no ano 2004:

- Un 75,6% do emprego total galego se concentra nas provincias da Coruña e Pontevedra; a primacía na ocupación da Galicia occidental vai sendo máis evidente cada ano que pasa.
- Destaca a importancia da poboación ocupada no sector agro-pesqueiro en Lugo, que ten a terceira parte do total do emprego de Galicia nese sector. Na distribución sectorial do emprego desa provincia, representa un 28,2% do total, máis do dobre que a provincia seguinte nesa clasificación (Ourense, cun 11,7%).
- Só unha provincia galega (Ourense) baixou o número de ocupados (ao igual que en 2003) mentres que a provincia de Pontevedra tivo a maior suba da ocupación, tanto absoluta como porcentual.

No tocante á análise por tipos de contrato das persoas asalariadas (temporais ou indefinidos), o gráfico adxunto reflicte unha das principais diverxencias da nosa estrutura sociolaboral co promedio da UE ou da OCDE: a altísima temporalidade. Máis dun terzo das persoas asalariadas de Galicia teñen un contrato temporal (3,4 puntos por riba do valor estatal), e nas mulleres a taxa de temporalidade en Galicia chega ao 37,7% (6,1 puntos por riba da media española). Veaí un bo campo no que traballar para "homologar" o noso mercado de traballo co dos estados desenvolvidos cos que queremos converxer.

**Cadro 3.31**

**Poboación ocupada por sector económico e provincia. Galicia. 2002-2004**

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| **Galicia** | | | |
| A Coruña | 432,7 | 456,9 | 462,9 |
| Lugo | 141,9 | 144,3 | 148,4 |
| Ourense | 134,9 | 130,6 | 124,7 |
| Pontevedra | 362,6 | 373,6 | 384,2 |
| **Total** | **1.072.2** | **1.105.4** | **1.120.3** |
| **Agricultura e Pesca** | | | |
| A Coruña | 42,5 | 45,0 | 37,5 |
| Lugo | 40,7 | 41,2 | 41,9 |
| Ourense | 15,1 | 14,6 | 14,6 |
| Pontevedra | 39,8 | 36,0 | 32,0 |
| **Total** | **138.1** | **136.7** | **126.0** |
| **Industria** | | | |
| A Coruña | 85,5 | 83,8 | 87,0 |
| Lugo | 18,3 | 19,5 | 18,8 |
| Ourense | 25,8 | 23,8 | 22,2 |
| Pontevedra | 88,5 | 87,5 | 87,5 |
| **Total** | **218.1** | **214.6** | **215.5** |
| **Construción** | | | |
| A Coruña | 61,0 | 55,8 | 56,0 |
| Lugo | 15,0 | 12,6 | 13,6 |
| Ourense | 16,4 | 17,2 | 16,4 |
| Pontevedra | 41,0 | 43,9 | 48,6 |
| **Total** | **133.4** | **129.4** | **134.7** |
| **Servizos** | | | |
| A Coruña | 243,7 | 272,3 | 282,5 |
| Lugo | 67,9 | 71,1 | 74,1 |
| Ourense | 77,7 | 75,1 | 71,6 |
| Pontevedra | 193,3 | 206,2 | 216,1 |
| **Total** | **582.6** | **624.7** | **644.2** |

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A diferenciación por tipos de xornada dos contratos das persoas asalariadas explicita que en Galicia a contratación a tempo parcial supón un 8% do total (medio punto por baixo do promedio estatal e moi por debaixo do europeo). Nas mulleres (14,7%) cuadriplíca á dos homes (3,3%).

A contratación (tipo de contrato, tipos de xornada, etc.) estúdase no capítulo 5, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar na súa análise. Cómpre subliñar, de todos os xeitos, o importante descenso da información estatística proporcionada (neste e noutros aspectos procedentes da EPA) polo IGE nos últimos anos; este "apagón estatístico" non contribúe, ao noso entender, ao cumprimento do seu deber de proporcionar instrumentos estatísticos axeitados para o estudo da sociedade galega.

**Contratos temporais e indefinidos. Galicia 2004**




**Contratos temporais e indefinidos. España. 2004**




## 3.6. Poboación desempregada e taxa de paro

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos o estudo doutro compoñente da poboación activa -a poboación parada- ao través dos datos que proporcionan as *Enquisas de Poboación Activa* elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente as cifras do desemprego das distintas comunidades autónomas e as súas taxas de paro. Posteriormente analizaremos afondaremos na taxa de desemprego galega e na distribución do paro por tempo de busca de emprego.

O cadro 3.32 recolle a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos que:

- O desemprego só subiu no ano 2004 en catro comunidades: Estremadura, Asturias, Cantabria e Castela-A Mancha, o crecemento foi especialmente intenso en Cantabria (9,1%).
- O maior descenso absoluto foi o de Andalucía, seguida de Canarias e Galicia; porcentualmente as maiores diminucións foron as de Ceuta-Melilla, A Rioxa e Navarra.
- O descenso do desemprego de Galicia en 2004 (4,9%) foi algo menor que o estatal (5,6%) pero supuxo un cambio moi positivo respecto da evolución do desemprego no bienio 2002-2003 (no que aumentara cada ano no entorno do 16%).

▌A participación relativa de Galicia no desemprego total de España en 2004 (8,1%) segue no nivel de 2003 e por riba das porcentaxes de 2002 (7%) e do noso peso demográfico no estado.

■ **Cadro 3.32** **Poboación parada. Por comunidades autónomas.**

| | Valores absolutos Miles | | | Distribución porcentual | | | Variacións anuais Miles | | | % | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 632,6 | 592,2 | 523,5 | 29,9 | 27,8 | 26,1 | 47,4 | -40,4 | -68,7 | 8,1 | -6,4 | -11,6 |
| Aragón | 32,3 | 32,3 | 28,0 | 1,5 | 1,5 | 1,4 | 8,8 | 0,0 | -4,3 | 37,4 | 0,0 | -13,3 |
| Asturias | 42,0 | 44,3 | 44,4 | 2,0 | 2,1 | 2,2 | 15,1 | 2,3 | 0,1 | 56,1 | 5,5 | 0,2 |
| Baleares | 32,8 | 39,7 | 32,6 | 1,5 | 1,9 | 1,6 | 14,1 | 6,9 | -7,1 | 75,4 | 21,0 | -17,9 |
| Canarias | 95,0 | 108,1 | 94,0 | 4,5 | 5,1 | 4,7 | 7,0 | 13,1 | -14,1 | 8,0 | 13,8 | -13,0 |
| Cantabria | 25,1 | 25,2 | 27,5 | 1,2 | 1,2 | 1,4 | 4,5 | 0,1 | 2,3 | 21,8 | 0,4 | 9,1 |
| C. A Mancha | 70,3 | 70,8 | 75,0 | 3,3 | 3,3 | 3,7 | 8,1 | 0,5 | 4,2 | 13,0 | 0,7 | 5,9 |
| C. León | 104,7 | 115,3 | 111,9 | 4,9 | 5,4 | 5,6 | 0,1 | 10,6 | -3,4 | 0,1 | 10,1 | -2,9 |
| Cataluña | 295,9 | 282,4 | 281,1 | 14,0 | 13,3 | 14,0 | 33,2 | -13,5 | -1,3 | 12,6 | -4,6 | -0,5 |
| C. Valenciana | 208,0 | 207,2 | 202,8 | 9,8 | 9,7 | 10,1 | 34,4 | -0,8 | -4,4 | 19,8 | -0,4 | -2,1 |
| Estremadura | 85,2 | 77,5 | 82,2 | 4,0 | 3,6 | 4,1 | 27,0 | -7,7 | 4,7 | 46,4 | -9,0 | 6,1 |
| **Galicia** | **147,9** | **171,7** | **163,3** | **7,0** | **8,1** | **8,1** | **21,6** | **23,8** | **-8,4** | **17,1** | **16,1** | **-4,9** |
| Madrid | 173,1 | 178,9 | 175,0 | 8,2 | 8,4 | 8,7 | -1,8 | 5,8 | -3,9 | -1,0 | 3,4 | -2,2 |
| Murcia | 59,2 | 56,4 | 53,2 | 2,8 | 2,7 | 2,7 | 4,6 | -2,8 | -3,2 | 8,4 | -4,7 | -5,7 |
| Navarra | 13,2 | 15,2 | 12,3 | 0,6 | 0,7 | 0,6 | 2,1 | 2,0 | -2,9 | 18,9 | 15,2 | -19,1 |
| País Vasco | 91,6 | 93,6 | 89,2 | 4,3 | 4,4 | 4,4 | -1,3 | 2,0 | -4,4 | -1,4 | 2,2 | -4,7 |
| A Rioxa | 7,2 | 7,5 | 5,8 | 0,3 | 0,4 | 0,3 | 1,7 | 0,3 | -1,7 | 30,9 | 4,2 | -22,7 |
| Ceuta e Melilla | 2,1 | 8,7 | 5,2 | 0,1 | 0,4 | 0,3 | -0,3 | 6,6 | -3,5 | -12,5 | 314,3 | -40,2 |
| **España** | **2.118,1** | **2.127,1** | **2.007,1** | **100** | **100** | **100,0** | **226,3** | **9,0** | **-120,0** | **12,0** | **0,4** | **-5,6** |

Fonte: INE, EPA. 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 72, marzo 2005)

A taxa de paro (porcentaxe de parados sobre da poboación activa) é en 2004 dun 12,5% en Galicia (2,1 puntos maior que no conxunto do estado pero un punto menos que no ano anterior). O cadro 3.33 permítenos o seguimento comparativo das taxas de desemprego nas distintas comunidades autónomas no último trienio, evidenciando que:

▌En 2004 a taxa de desemprego diminuíu en Galicia un punto e no conxunto do estado 0,8 puntos. No último bienio, subiu en Galicia medio punto mentres que baixou case un punto en España.

▌Galicia é en 2004 a terceira comunidade do estado na clasificación por maior taxa de desemprego, tras Estremadura e Andalucía; neste ano acurtouse o noso diferencial con Andalucía e aumentou con Estremadura.

**Taxas de paro. Por comunidades autónomas. 2002-2004**

■ **Cadro 3.33**

| | Valores das taxas En porcentaxe | | | Variacións anuais (en puntos porcentuais) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 | T IV 02 | T IV 03 | T IV 04 |
| Andalucía | 20,2 | 18,5 | 16,0 | 0,9 | -1,7 | -2,5 |
| Aragón | 6,3 | 6,2 | 5,3 | 1,6 | -0,1 | -0,9 |
| Asturias | 10,0 | 10,0 | 10,4 | 3,2 | 0,0 | 0,3 |
| Baleares | 8,1 | 9,4 | 7,6 | 3,2 | 1,3 | -1,8 |
| Canarias | 11,3 | 12,1 | 10,5 | 0,5 | 0,8 | -1,6 |
| Cantabria | 10,7 | 10,3 | 11,3 | 1,8 | -0,4 | 0,9 |
| C. A Mancha | 9,7 | 9,6 | 9,9 | 0,8 | -0,1 | 0,3 |
| C. León | 10,0 | 10,9 | 10,3 | -0,2 | 0,9 | -0,6 |
| Cataluña | 9,6 | 8,9 | 8,8 | 0,9 | -0,7 | -0,1 |
| C. Valenciana | 10,5 | 10,2 | 9,7 | 1,5 | -0,3 | -0,5 |
| Estremadura | 19,0 | 17,1 | 17,5 | 5,0 | -1,9 | 0,4 |
| **Galicia** | **12,0** | **13,5** | **12,5** | **1,4** | **1,5** | **-1,0** |
| Madrid | 6,9 | 7,0 | 6,6 | -0,2 | 0,1 | -0,4 |
| Murcia | 11,4 | 10,5 | 9,7 | 0,4 | -0,9 | -0,8 |
| Navarra | 5,2 | 5,9 | 4,7 | 0,7 | 0,6 | -1,2 |
| País Vasco | 9,3 | 9,3 | 8,9 | -0,2 | 0,0 | -0,5 |
| A Rioxa | 6,1 | 6,2 | 4,6 | 1,4 | 0,1 | -1,6 |
| Ceuta e Melilla | 4,2 | 14,6 | 9,0 | -0,5 | 10,4 | -5,6 |
| **España** | **11,5** | **11,2** | **10,4** | **0,9** | **-0,3** | **-0,8** |

Fonte: INE, EPA. 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 72, marzo 2005)

A desagregación por sexos das taxas de desemprego do cadro 3.34 permite observar coas medias anuais de 2004 que:

- A taxa global de desemprego de Galicia é un punto maior que coa do cuarto trimestre vista no cadro 3.33 (e a de España, catro décimas maior).
- A taxa feminina de Galicia é máis do dobre que a masculina (o que non ocorre no promedio estatal); só é maior que a nosa nas mulleres en Andalucía, Estremadura e Ceuta-Melilla, mentres que nos homes tamén é maior a de Canarias.
- O diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes en Galicia (10,1 puntos) é moi superior ao promedio estatal (7 puntos); a maior parte desa diferenza ben explicada por ser moito maior a taxa de desemprego das mulleres en Galicia que na media española (4,2 puntos), diferenza que se reduce considerablemente nos homes (1,1 puntos):

A comparanza da nosa taxa de desemprego coas da OCDE (6,8%) ou da UE-15 (8%) que figuran no cadro 1.2 deste *Informe* explicita que en 2004 a nosa taxa de desemprego dobrou á da OCDE e superou en 5,5 puntos (nun 68,8%, xa que logo) á da UE-15. Velaí unha notoria "diverxencia" real da nosa estrutura económico-social que cómpre reducir no posible para achegarnos ao nivel medio de benestar dos nosos socios na UE ou da OCDE.

Especialmente graves son as taxas de desemprego das mulleres e das persoas máis novas.

**Taxas de paro. Por sexo e comunidades autónomas. 2004**

■ **Cadro 3.34**

| | Ambos sexos | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 16,97 | 12,48 | 24,08 |
| Aragón | 5,36 | 3,65 | 7,90 |
| Asturias | 10,37 | 7,13 | 14,99 |
| Baleares | 8,96 | 7,47 | 10,97 |
| Canarias | 11,86 | 9,22 | 15,68 |
| Cantabria | 10,53 | 7,82 | 14,60 |
| C. A Mancha | 9,31 | 5,05 | 16,68 |
| C. León | 10,50 | 6,28 | 17,00 |
| Cataluña | 9,15 | 7,17 | 11,77 |
| C. Valenciana | 9,99 | 7,51 | 13,50 |
| Estremadura | 17,11 | 10,98 | 27,11 |
| **Galicia** | **13,46** | **9,02** | **19,15** |
| Madrid | 6,47 | 5,22 | 8,12 |
| Murcia | 10,54 | 7,41 | 15,42 |
| Navarra | 4,99 | 3,60 | 7,00 |
| País Vasco | 9,40 | 7,64 | 11,82 |
| A Rioxa | 5,51 | 4,27 | 7,47 |
| Ceuta e Melilla (1) | 13,37 | 9,95 | 20,27 |
| **España** | **10,81** | **7,94** | **14,91** |

(1) As estimacións de Ceuta e Melilla non se publican desagregadas porque o tamaño mostral en cada unha delas non o permite.
Datos en medias anuais
Fonte: INE, EPA

**Taxas de desemprego. Galicia 2004**




O gráfico adxunto evidencia que:

▌A taxa de desemprego en Galicia da poboación menor de 25 anos foi en 2004 dun 25,9% (superior en 3,9 puntos ao promedio estatal, en dez puntos ao da Unión Europea ou en quince puntos ao dos Estados Unidos de América).

▌As mulleres menores de 25 anos tiveron en 2004 en Galicia unha taxa de desemprego do 35% (8,4 puntos porcentuais por riba do valor en España).

A distribución das taxas de desemprego das provincias de Galicia (con desglose por sexos) pódese ver para o último trienio no cadro 3.35; compróbase que:

▌No último bienio só baixou a taxa de paro na provincia de Lugo; o maior crecemento nese período foi na de Ourense (4,7 puntos).

■ Cadro 3.35

**Taxas de paro. Por sexo e provincia. Galicia/España. 2002-2004**

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | |
| Homes | 9,3 | 8,9 | 9,7 |
| Mulleres | 17,8 | 19,9 | 20,6 |
| **Total** | **12,8** | **13,7** | **14,5** |
| **Lugo** | | | |
| Homes | 6,3 | 5,7 | 4,3 |
| Mulleres | 13,0 | 11,3 | 13,9 |
| **Total** | **9,2** | **8,1** | **8,6** |
| **Ourense** | | | |
| Homes | 6,5 | 5,9 | 9,9 |
| Mulleres | 11,2 | 12,0 | 17,7 |
| **Total** | **8,5** | **8,4** | **13,2** |
| **Pontevedra** | | | |
| Homes | 8,2 | 9,3 | 9,6 |
| Mulleres | 21,2 | 21,0 | 19,9 |
| **Total** | **13,7** | **14,4** | **14,1** |
| **Galicia** | | | |
| Homes | **8,2** | **8,3** | **9,0** |
| Mulleres | **17,5** | **18,3** | **19,1** |
| **Total** | **12,2** | **12,6** | **13,5** |

Medias anuais
Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

▌En 2004 só baixou na provincia de Pontevedra (e tivo un aumento moi intenso en Ourense).

▌As dúas provincias máis desenvolvidas teñen en 2004 as maiores taxas de desemprego feminino (no entorno do 20%).e tamén os únicos diferenciais homes- mulleres que superan os dez puntos.

No cadro 3.36 recollemos a distribución da poboación desempregada galega no último trienio segundo o tempo de busca no emprego. Sobrancearemos que:

▌Subiu especialmente en 2004 o número de persoas desempregadas que levan sen atopar emprego entre 6 e 11 meses ou ben 2 anos ou máis (pero aumentou tamén nas que levan de un a dous anos).

▌Aumentou en Galicia o desemprego de longa duración no último bienio a un ritmo constante dunhas 7.000 persoas por ano, polo que quedou en 2004 co maior valor do período analizado (78.300 persoas, 7.700 máis que no ano anterior e 14.400 máis que en 2002). O paro de longa duración afecta xa a case a metade do total de persoas desempregadas (e ten moito maior incidencia nas mulleres que nos homes).

■ Cadro 3.36

**Parados por tempos de busca de emprego**

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| Menos de 6 meses | 51,7 | 52,8 | 52,7 |
| De 6 a 11 meses | 23,4 | 26,7 | 32,9 |
| De 1 ano a menos de 2 | 22,6 | 24,9 | 27,7 |
| 2 anos ou máis | 41,3 | 45,7 | 50,6 |
| Xa atopou traballo | 9,2 | 9,7 | 10,4 |
| **Total** | **148,2** | **159,8** | **174,3** |

Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

## 3.7. O paro rexistrado

O paro rexistrado é unha fonte alternativa á vista no apartado anterior. Os seus valores para a nosa comunidade autónoma obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc. Os datos son introducidos no Sistema de Información do INEM, que realiza o tratamento estatístico para o conxunto do Estado.

Para explicar a diferenza entre os datos do paro estimado e os do paro rexistrado hai que ter en conta que o primeiro resulta dunha estimación estatística e o segundo dun rexistro, e neste último caso non todos os colectivos teñen motivos para inscribirse (por exemplo por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo); ademais varios colectivos de desempregados non son computados polo INEM como parados, como por exemplo os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos (ou ben os que superando esa idade sexan demandantes de primeiro emprego), demandantes de emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego. Na EPA, en cambio, consideránse paradas a todas as persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego (ou xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar).

Tendo en conta as moitas situacións que se inclúen na lexislación que regula cales son as demandas de emprego pendentes nas oficinas de emprego que non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e dado que os datos de paro homologables por Eurostat son os da EPA, consideramos máis axeitado realizar o estudo do desemprego cos datos do INE.

O cambio de metodoloxía da EPA no ano 2002 non afecta, obviamente, ao paro rexistrado, pero si que ten a súa repercusión indirecta nas taxas de paro rexistrado, posto que supón un cambio na variable que se toma como denominador (a poboación activa) na fórmula de cálculo desas taxas; dado que a nova metodoloxía supón unha suba da poboación activa, conlevará unhas taxas de paro rexistrado a partir de entón menores das que resultarían coa vella metodoloxía.

Si que vai afectar (pero desde o ano 2005) de xeito importante a aplicación do novo sistema de información dos Servizos Públicos de Emprego, que fixo aflorar 32.528 desempregados máis en Galicia (479.050 no total de España), o que representa un 20,6% máis dos que ata o ano 2004 se viñan computando en Galicia.

O desemprego das diferentes comunidades autónomas en decembro de 2004 e a súa variación (absoluta e relativa) respecto do ano anterior figuran no cadro 3.37, que explicita que nese ano:

- A diminución do paro rexistrado en Galicia (1,89%) quedou medio punto por baixo do promedio español (2,41%).

- A participación relativa de Galicia no paro rexistrado estatal (9,2%) é moito maior que o noso peso relativo poboacional (6,4%).

A evolución do paro rexistrado en Galicia dese o ano 2000 figura no cadro 3.38, que recolle tamén as taxas de paro; cómpre facer unha chamada de atención respecto

**Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2003-2004**

**Cadro 3.37**

| | Decembro 2004 | Variacións anuais: Variación absoluta | Variacións anuais: % Variación |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 347.836 | -18.461 | -5,04 |
| Aragón | 30.696 | -2.631 | -7,89 |
| Asturias | 54.577 | -659 | -1,19 |
| Baleares | 38.612 | 1.036 | 2,76 |
| Canarias | 106.038 | 3.810 | 3,73 |
| Cantabria | 22.468 | -1.790 | -7,38 |
| C. A Mancha | 79.974 | -784 | -0,97 |
| C. León | 96.189 | -6.088 | -5,95 |
| Cataluña | 207.521 | 816 | 0,39 |
| Ceuta | 4.566 | 456 | 11,09 |
| C. Valenciana | 150.834 | 7.894 | 5,52 |
| Estremadura | 63.849 | -921 | -1,42 |
| **Galicia** | **154.363** | **-2.974** | **-1,89** |
| A Rioxa | 7.511 | 135 | 1,83 |
| Madrid | 176.328 | -16.465 | -8,54 |
| Murcia | 34.875 | -1.753 | -4,79 |
| Navarra | 17.863 | 308 | 1,75 |
| País Vasco | 71.622 | -3.170 | -4,24 |
| Melilla | 4.568 | 44 | 0,97 |
| **España** | **1.670.290** | **-41.197** | **-2,41** |

Fonte: INEM

**Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia.**
**Galicia 2000-2004**

**Cadro 3.38**

| | Nº Parados | Taxa de paro |
|---|---|---|
| 2000 | 142.216 | 12,16 |
| 2001 | 138.354 | 12,10 |
| 2002 | 151.015 | 12,35 |
| 2003 | 157.337 | 12,36 |
| **2004** | **154.363** | **11,94** |

Datos de decembro de cada ano.
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Informe do paro rexistrado

destas, para que non se esqueza que as taxas de paro rexistrado resultan dunha estraña mestura de datos rexistrais (número de desempregados) con datos de estimación estatística (poboación activa), polo que o seu uso está amplamente cuestionado.

O volume absoluto de desempregados acada en Galicia en 2004 o segundo valor máis alto do último quinquenio; a taxa de paro nese ano é a menor, sobranceando o escaso recorrido da mesma nese período (só variou catro décimas da maior á menor).

O desemprego rexistrado das diferentes provincias galegas en 2004 figura no cadro 3.39, que permite ás persoas interesadas realizar o estudo desagregado do paro rexistrado en dous grupos de idade, sexos e provincias.

■ Cadro 3.39

**Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2004**

| | Total | Menores de 25 anos | | | Maiores de 25 anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| A Coruña | 63.879 | 8.283 | 3.712 | 4.571 | 55.596 | 21.920 | 33.676 |
| Lugo | 16.047 | 2.160 | 989 | 1.171 | 13.887 | 5.991 | 7.896 |
| Ourense | 18.321 | 2.031 | 924 | 1.107 | 16.290 | 6.650 | 9.640 |
| Pontevedra | 56.116 | 8.242 | 3.712 | 4.530 | 47.874 | 18.156 | 29.718 |
| **Galicia** | **154.363** | **20.716** | **9.337** | **11.379** | **133.647** | **52.717** | **80.930** |

Datos de decembro
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (Informe do paro rexistrado)

O cadro 3.40 recolle a desagregación provincial do número de desempregados e das taxas de paro rexistrado en 2004 e permite a comparanza cos valores estatais. Subliñaremos que as catro provincias galegas superan a taxa española de desemprego, sobranceando especialmente as dúas meridionais (que son as que están por riba do promedio galego).

**Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2004**

■ Cadro 3.40

| | Nº Parados | Taxa de paro |
|---|---|---|
| **España** | **1.670.290** | **8,67** |
| A Coruña | 63.879 | 11,84 |
| Lugo | 16.047 | 9,95 |
| Ourense | 18.321 | 12,87 |
| Pontevedra | 56.116 | 12,47 |
| **Galicia** | **154.363** | **11,94** |

Datos de decembro 2004
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Informe do paro rexistrado

As taxas de paro rexistrado de Galicia no ano 2004 por sexos e grupos de idade do cadro 3.41 constatan que nas mulleres son moito maiores que nos homes (moi especialmente no grupo das persoas maiores de 25 anos).

**Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2004**

■ Cadro 3.41

| | Menores de 25 anos | Maiores de 25 anos |
|---|---|---|
| Homes | 12,2 | 8,1 |
| Mulleres | 19,5 | 15,9 |

Datos de decembro 2004
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Informe do paro rexistrado

A distribución sectorial do paro rexistrado de Galicia ao final de 2004 e a súa variación nese ano figura no cadro 3.42, que reflicte que:

■ Cadro 3.42

**Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2004**

| | Decembro 2004 | Variación decembro 2003 | % Variación |
|---|---|---|---|
| Agricultura e pesca | **4.247** | 260 | 6,12 |
| Industria | **25.523** | -1.305 | -5,11 |
| Construción | **19.146** | -305 | -1,59 |
| Servizos | **81.006** | 1.465 | 1,81 |
| Sen emprego anterior | **24.441** | -3.089 | -12,64 |

Datos decembro
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Informe do paro rexistrado

- O sector servizos ten máis desempregados (7.649 persoas máis) que a suma dos outros catro apartados do cadro, e desde logo moito máis (32.090) que os outros tres sectores produtivos xuntos (agro-pesqueiro, industrial e construción)
- Na variación do último ano, baixou con especial intensidade o colectivo de desempregados: "sen emprego anterior" mentres que o que subiu porcentualmente máis foi o sector agro-pesqueiro.

O cadro 3.43 explicita a situación do paro rexistrado por niveis académicos e provincias: os niveis de EXB e certificado de estudios primarios concentran dúas de cada tres persoas desempregadas de Galicia ao final do ano 2004 (66,8%, un punto máis que no ano anterior).

■ Cadro 3.43

**Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2004**

| | Sen estudos | Sen certif. estudos prim. | Con certif. estudos prim. | EXB | BUP | FP | Estudos medios | Estudos superiores |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 136 | 2.001 | 18.476 | 24.072 | 7.293 | 4.999 | 2.625 | 4.277 |
| Lugo | 9 | 939 | 5.043 | 4.866 | 1.655 | 1.694 | 987 | 854 |
| Ourense | 24 | 840 | 6.825 | 5.605 | 2.090 | 1.330 | 843 | 764 |
| Pontevedra | 53 | 1.552 | 15.703 | 22.503 | 6.380 | 4.969 | 2.208 | 2.748 |
| **Galicia** | **222** | **5.332** | **46.047** | **57.046** | **17.418** | **12.992** | **6.663** | **8.643** |

Datos de decembro 2004
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais: Informe do paro rexistrado

Dúas vantaxes do paro rexistrado respecto do paro-EPA ou paro estimado son a posibilidade de estudio mensual e unha maior desagregación espacial dos datos (por comarcas, ou mesmo por concellos). No cadro 3.44 recollemos o paro rexistrado nas distintas comarcas de Galicia, coa súa distribución por idades (con detalle por sexos en cada unha delas) e por sectores económicos, para permitir realizar a súa análise ás persoas que necesiten un maior nivel de concreción territorial.

**■ Cadro 3.44** **Paro rexistrado por comarcas. Por idades e sectores económicos. Galicia.2004**

| Comarcas | Total | Distribución por idades | | | | | | Distribución por sectores económicos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Menores de 25 anos | | | Resto de idades | | | Agric./ gand. | Industria | Construc. | Servizos | Sen emprego |
| | | Global | Homes | Mulleres | Global | Homes | Mulleres | | | | | |
| A Barcala | 670 | 75 | 35 | 40 | 595 | 335 | 260 | 22 | 78 | 160 | 329 | 81 |
| Muros | 886 | 97 | 36 | 61 | 789 | 305 | 484 | 38 | 238 | 163 | 379 | 68 |
| Noia | 1.897 | 254 | 89 | 165 | 1.643 | 659 | 984 | 103 | 350 | 330 | 902 | 212 |
| O Sar | 1.048 | 123 | 62 | 61 | 925 | 424 | 501 | 10 | 248 | 162 | 495 | 133 |
| Ordes | 1.902 | 247 | 103 | 144 | 1.655 | 749 | 906 | 26 | 453 | 365 | 710 | 348 |
| Ortegal | 676 | 100 | 36 | 64 | 576 | 228 | 348 | 56 | 127 | 96 | 288 | 109 |
| Santiago | 8.704 | 1.165 | 506 | 659 | 7.539 | 3.107 | 4.432 | 75 | 862 | 1.018 | 4.990 | 1.759 |
| Terra de Melide | 547 | 68 | 24 | 44 | 479 | 221 | 258 | 13 | 95 | 79 | 244 | 116 |
| Terra de Soneira | 1.187 | 131 | 48 | 83 | 1.056 | 510 | 546 | 50 | 215 | 320 | 461 | 141 |
| Xallas | 1.004 | 101 | 52 | 49 | 903 | 505 | 398 | 23 | 145 | 353 | 389 | 94 |
| A Coruña | 20.393 | 2.320 | 1.182 | 1.138 | 18.073 | 7.243 | 10.830 | 309 | 2.814 | 2.005 | 12.555 | 2.710 |
| Arzúa | 782 | 107 | 54 | 53 | 675 | 324 | 351 | 20 | 151 | 151 | 339 | 121 |
| Barbanza | 4.531 | 656 | 232 | 424 | 3.875 | 1.202 | 2.673 | 267 | 1.548 | 438 | 1.924 | 354 |
| Bergantiños | 4.826 | 644 | 303 | 341 | 4.182 | 1.563 | 2.619 | 119 | 1.503 | 975 | 1.707 | 522 |
| Betanzos | 1.726 | 277 | 115 | 162 | 1.449 | 635 | 814 | 18 | 253 | 224 | 978 | 253 |
| Eume | 1.344 | 240 | 124 | 116 | 1.104 | 427 | 677 | 19 | 142 | 240 | 647 | 296 |
| Ferrol | 10.090 | 1.463 | 612 | 851 | 8.627 | 2.849 | 5.778 | 127 | 1.303 | 1.179 | 4.673 | 2.808 |
| Fisterra | 1.666 | 215 | 99 | 116 | 1.451 | 634 | 817 | 56 | 225 | 335 | 794 | 256 |
| A Fonsagrada | 209 | 34 | 15 | 19 | 175 | 89 | 86 | 20 | 36 | 30 | 91 | 32 |
| A Mariña Central | 1.190 | 194 | 86 | 108 | 996 | 354 | 642 | 50 | 131 | 141 | 718 | 150 |
| A Mariña Occ. | 1.281 | 223 | 105 | 118 | 1.058 | 379 | 679 | 60 | 121 | 142 | 766 | 192 |
| A Mariña O. | 681 | 86 | 43 | 43 | 595 | 238 | 357 | 20 | 67 | 90 | 428 | 76 |
| A Ulloa | 378 | 45 | 24 | 21 | 333 | 175 | 158 | 12 | 54 | 87 | 186 | 39 |
| Chantada | 699 | 79 | 41 | 38 | 620 | 325 | 295 | 23 | 90 | 150 | 373 | 63 |
| Lugo | 5.906 | 802 | 346 | 456 | 5.104 | 1.992 | 3.112 | 105 | 547 | 576 | 3.825 | 853 |
| Meira | 172 | 23 | 9 | 14 | 149 | 64 | 85 | 11 | 18 | 15 | 104 | 24 |
| Os Ancares | 520 | 60 | 31 | 29 | 460 | 268 | 192 | 28 | 43 | 110 | 290 | 49 |
| Quiroga | 338 | 46 | 22 | 24 | 292 | 130 | 162 | 20 | 49 | 57 | 146 | 66 |
| Sarria | 1.157 | 108 | 61 | 47 | 1.049 | 478 | 571 | 20 | 132 | 161 | 649 | 195 |
| Terra Chá | 1.781 | 217 | 87 | 130 | 1.564 | 836 | 728 | 33 | 266 | 377 | 889 | 216 |
| Terra de Lemos | 1.735 | 243 | 119 | 124 | 1.492 | 663 | 829 | 38 | 201 | 269 | 902 | 325 |
| A Limia | 1.470 | 143 | 52 | 91 | 1.327 | 539 | 788 | 70 | 200 | 232 | 752 | 216 |
| Allariz-Maceda | 648 | 74 | 35 | 39 | 574 | 229 | 345 | 19 | 162 | 106 | 287 | 74 |
| Baixa Limia | 432 | 27 | 16 | 11 | 405 | 208 | 197 | 47 | 42 | 90 | 221 | 32 |
| O Carballiño | 1.409 | 165 | 77 | 88 | 1.244 | 509 | 735 | 31 | 222 | 189 | 705 | 262 |
| O Ribeiro | 949 | 132 | 67 | 65 | 817 | 388 | 429 | 43 | 124 | 148 | 489 | 145 |
| Ourense | 8.135 | 1.009 | 446 | 563 | 7.126 | 2.639 | 4.487 | 102 | 1.084 | 957 | 4.640 | 1.352 |
| Terra de Caldelas | 184 | 16 | 6 | 10 | 168 | 102 | 66 | 6 | 10 | 13 | 136 | 19 |
| Terra de Celanova | 1.124 | 82 | 35 | 47 | 1.042 | 501 | 541 | 34 | 206 | 187 | 560 | 137 |
| Terra de Trives | 254 | 22 | 14 | 8 | 232 | 150 | 82 | 6 | 49 | 48 | 124 | 27 |
| Valdeorras | 1.331 | 156 | 72 | 84 | 1.175 | 437 | 738 | 26 | 349 | 138 | 662 | 156 |
| Verín | 1.955 | 171 | 83 | 88 | 1.784 | 714 | 1.070 | 50 | 409 | 338 | 829 | 329 |
| Viana | 430 | 34 | 21 | 13 | 396 | 234 | 162 | 21 | 44 | 114 | 196 | 55 |
| A Paradanta | 756 | 112 | 44 | 68 | 644 | 326 | 318 | 24 | 87 | 153 | 339 | 153 |
| Caldas | 2.171 | 355 | 137 | 218 | 1.816 | 662 | 1.154 | 59 | 439 | 349 | 904 | 420 |
| O Baixo Miño | 3.025 | 555 | 244 | 311 | 2.470 | 932 | 1.538 | 267 | 518 | 368 | 1.346 | 526 |
| O Condado | 2.665 | 448 | 193 | 255 | 2.217 | 838 | 1.379 | 134 | 525 | 343 | 1.190 | 473 |
| Deza | 1.213 | 179 | 78 | 101 | 1.034 | 477 | 557 | 38 | 205 | 209 | 537 | 224 |
| O Morrazo | 5.249 | 873 | 433 | 440 | 4.376 | 1.712 | 2.664 | 460 | 799 | 468 | 2.803 | 719 |
| O Salnés | 7.147 | 1.060 | 395 | 665 | 6.087 | 2.136 | 3.951 | 212 | 1.394 | 739 | 3.884 | 918 |
| Pontevedra | 6.468 | 977 | 442 | 535 | 5.491 | 2.201 | 3.290 | 207 | 806 | 751 | 3.468 | 1.236 |
| Tabeirós-T. de Montes | 1.343 | 229 | 85 | 144 | 1.114 | 465 | 649 | 25 | 155 | 221 | 613 | 329 |
| Vigo | 26.079 | 3.454 | 1.661 | 1.793 | 22.625 | 8.407 | 14.218 | 575 | 5.189 | 2.187 | 14.150 | 3.978 |
| **Total** | **154.363** | **20.716** | **9.337** | **11.379** | **133.647** | **52.717** | **80.930** | **4.247** | **25.523** | **19.146** | **81.006** | **24.441** |

Datos de decembro. En miles
Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

## 3.8. A poboación inactiva

O cadro 3.45 presenta os datos da poboación inactiva de Galicia –con desagregación provincial e por situacións de inactividade– para o último trienio. Destacaremos os seguintes aspectos:

- Máis da metade das persoas inactivas galegos están encadradas en 2004 no grupo de "xubilados e pensionistas" (53,2%, 1,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior), uns dez puntos por riba da media española. A nivel provincial, destacan moi por riba da media galega as provincias coa estrutura demográfica máis envellecida: Lugo (60,4%) e Ourense (58,8%, 3,3 puntos máis que en 2003).

- Na análise cruzada de situacións de inactividade e provincia sobrancearemos que en 2004 subiu a poboación inactiva nas catro provincias nas persoas con incapacidade permanente, na de Lugo en "labores da casa" e nas de Ourense e Pontevedra no grupo de "retirados, xubilados e pensionistas".

Como remate deste capítulo presentamos no cadro 3.46 a distribución porcentual das persoas inactivas de 2004 nas diversas comunidades autónomas. Destacaremos que:

- Globalmente Galicia é a comunidade cunha maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados ou prexubilados" (41,9%), seguido moi de lonxe por Asturias e Cantabria (35% ambas comunidades). Tamén somos a comunidade cunha menor porcentaxe no gripo de "labores da casa" (seguida por Cataluña, con 6,6 puntos porcentuais máis).

- A análise diferenciada por sexos amosa que a clara diferenza en Galicia da composición interna das mulleres inactivas respecto do promedio español é o que explica esa situación, pois a estrutura interna dos inactivos é moi semellante ao promedio estatal mentres que nas inactivas a porcentaxe de xubiladas ou prexubiladas é máis do dobre que no promedio estatal (somos a primeira comunidade, seguida moi de lonxe por Cataluña) e no grupo de mulleres inactivas en "labores da casa" a comunidade cunha menor porcentaxe (seguida moi de lonxe por Baleares). A alta participación relativa da muller en Galicia no sector agro-pesqueiro (agricultura, marisqueo...) está, indubidablemente, tras desta constatación estatística.

## Poboación inactiva por situación de inactividade. Galicia e provincias. 2002-2004

**Cadro 3.45**

| | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| **Total** | | | |
| A Coruña | 470,8 | 442,2 | 433,2 |
| Lugo | 160,9 | 159,1 | 152,6 |
| Ourense | 155,9 | 161,3 | 160,4 |
| Pontevedra | 364,1 | 353,1 | 345,9 |
| **Galicia** | **1.151,8** | **1.115,7** | **1.092,0** |
| **Estudantes** | | | |
| A Coruña | 94,4 | 85,5 | 83,4 |
| Lugo | 21,7 | 22,5 | 22,1 |
| Ourense | 27,6 | 24,0 | 21,2 |
| Pontevedra | 71,2 | 65,0 | 60,0 |
| **Galicia** | **214,9** | **196,9** | **186,7** |
| **Labores da casa** | | | |
| A Coruña | 121,9 | 115,1 | 108,6 |
| Lugo | 25,7 | 25,8 | 26,7 |
| Ourense | 28,6 | 35,6 | 32,8 |
| Pontevedra | 102,5 | 94,3 | 83,9 |
| **Galicia** | **278,7** | **270,8** | **252,0** |
| **Retirados, xubilados e pensionistas** | | | |
| A Coruña | 224,0 | 215,9 | 215,7 |
| Lugo | 96,5 | 100,0 | 92,2 |
| Ourense | 86,5 | 91,9 | 94,3 |
| Pontevedra | 164,1 | 170,5 | 178,5 |
| **Galicia** | **571,1** | **578,2** | **580,7** |
| **Incapacitado permanente** | | | |
| A Coruña | 16,9 | 17,5 | 19,3 |
| Lugo | 13,7 | 8,9 | 10,5 |
| Ourense | 9,0 | 6,9 | 11,1 |
| Pontevedra | 12,8 | 12,2 | 13,6 |
| **Galicia** | **52,4** | **45,5** | **54,5** |
| **Outra situación** | | | |
| A Coruña | 13,7 | 8,1 | 6,2 |
| Lugo | 3,2 | 1,9 | 1,2 |
| Ourense | 4,2 | 3,0 | 1,0 |
| Pontevedra | 13,5 | 11,3 | 9,8 |
| **Galicia** | **34,6** | **24,3** | **18,3** |

Miles de persoas. Medias anuais
Fonte: INE. EPA. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

**Cadro 3.46** **Inactivos por sexo, comunidades autónomas e clase principal de inactividade. 2004**

| | Total | Estudante | Xubilado ou prexubilado | Labores da casa | Incapacitado para traballar | Perceptor pensión distinta da de xubilación (ou prexubilación) | Outras |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Ambos sexos** | | | | | | | |
| **Total** | **100.0** | **16.4** | **30,1** | **32,5** | **5,6** | **12,2** | **3,1** |
| Andalucía | 100,0 | 17,7 | 24,1 | 34,6 | 7,7 | 11,6 | 4,3 |
| Aragón | 100,0 | 14,2 | 34,8 | 34,9 | 2,5 | 12,0 | 1,6 |
| Asturias | 100,0 | 15,1 | 35,4 | 30,3 | 2,3 | 13,1 | 3,6 |
| Baleares | 100,0 | 15,2 | 33,3 | 31,0 | 8,7 | 11,2 | 0,6 |
| Canarias | 100,0 | 19,7 | 21,8 | 34,4 | 5,9 | 13,5 | 4,8 |
| Cantabria | 100,0 | 18,0 | 35,4 | 32,2 | 1,4 | 11,0 | 2,0 |
| C. A Mancha | 100,0 | 15,4 | 27,1 | 40,1 | 4,5 | 10,8 | 2,1 |
| C. León | 100,0 | 16,6 | 33,6 | 32,5 | 3,3 | 11,8 | 2,2 |
| Cataluña | 100,0 | 13,2 | 34,0 | 29,7 | 5,8 | 14,3 | 2,9 |
| C. Valenciana | 100,0 | 16,1 | 30,4 | 31,9 | 7,2 | 12,2 | 2,1 |
| Estremadura | 100,0 | 16,3 | 24,7 | 34,3 | 6,8 | 13,0 | 4,7 |
| **Galicia** | **100.0** | **17.1** | **41,9** | **23,1** | **5,0** | **11,3** | **1,7** |
| Madrid | 100,0 | 18,1 | 29,0 | 34,3 | 2,6 | 11,2 | 4,6 |
| Murcia | 100,0 | 16,9 | 21,4 | 32,3 | 17,2 | 10,3 | 2,0 |
| Navarra | 100,0 | 16,4 | 31,5 | 33,0 | 4,1 | 12,4 | 2,7 |
| País Vasco | 100,0 | 16,8 | 30,2 | 32,6 | 5,4 | 13,3 | 1,7 |
| A Rioxa | 100,0 | 14,1 | 31,2 | 37,7 | 2,8 | 12,5 | 1,7 |
| Ceuta e Melilla | 100,0 | 17,8 | 20,1 | 35,9 | 2,8 | 12,7 | 10,6 |
| **Homes** | | | | | | | |
| **Total** | **100.0** | **21.1** | **60,6** | **1,7** | **8,4** | **2,4** | **5,8** |
| Andalucía | 100,0 | 23,7 | 53,8 | 0,8 | 11,0 | 2,6 | 8,0 |
| Aragón | 100,0 | 18,1 | 71,3 | 2,3 | 3,2 | 1,6 | 3,5 |
| Asturias | 100,0 | 20,1 | 67,4 | 0,5 | 2,7 | 2,9 | 6,4 |
| Baleares | 100,0 | 17,4 | 59,3 | 8,5 | 11,5 | 2,0 | 1,3 |
| Canarias | 100,0 | 24,4 | 44,4 | 6,2 | 9,1 | 6,1 | 9,9 |
| Cantabria | 100,0 | 24,2 | 67,6 | 0,2 | 1,4 | 3,0 | 3,6 |
| C. A Mancha | 100,0 | 19,3 | 67,4 | 1,4 | 5,9 | 1,1 | 4,9 |
| C. León | 100,0 | 20,5 | 67,4 | 1,1 | 4,4 | 2,4 | 4,1 |
| Cataluña | 100,0 | 16,8 | 63,3 | 1,6 | 9,9 | 2,9 | 5,4 |
| C. Valenciana | 100,0 | 19,8 | 59,2 | 2,6 | 12,1 | 1,4 | 4,9 |
| Estremadura | 100,0 | 20,6 | 57,0 | 1,0 | 9,4 | 1,9 | 10,2 |
| **Galicia** | **100.0** | **20.6** | **63,0** | **2,5** | **6,8** | **3,3** | **3,7** |
| Madrid | 100,0 | 25,2 | 63,2 | 0,2 | 3,8 | 0,9 | 6,7 |
| Murcia | 100,0 | 21,2 | 44,5 | 0,9 | 25,7 | 2,9 | 4,8 |
| Navarra | 100,0 | 21,0 | 63,8 | 2,2 | 7,5 | 1,2 | 4,2 |
| País Vasco | 100,0 | 20,7 | 64,8 | 1,4 | 8,3 | 1,8 | 3,1 |
| A Rioxa | 100,0 | 18,4 | 64,8 | 1,4 | 6,4 | 5,1 | 3,9 |
| Ceuta e Melilla | 100,0 | 24,5 | 44,9 | 1,4 | 5,9 | 2,7 | 20,6 |
| **Mulleres** | | | | | | | |
| **Total** | **100,0** | **13,9** | **13,3** | **49,5** | **4,1** | **17,6** | **1,6** |
| Andalucía | 100,0 | 14,7 | 8,8 | 52,0 | 5,9 | 16,2 | 2,4 |
| Aragón | 100,0 | 11,9 | 13,8 | 53,7 | 2,1 | 18,0 | 0,5 |
| Asturias | 100,0 | 12,2 | 16,5 | 48,0 | 2,2 | 19,1 | 2,0 |
| Baleares | 100,0 | 13,9 | 18,7 | 43,7 | 7,1 | 16,3 | 0,3 |
| Canarias | 100,0 | 17,0 | 8,7 | 50,6 | 4,1 | 17,8 | 1,9 |
| Cantabria | 100,0 | 14,8 | 18,2 | 49,3 | 1,4 | 15,2 | 1,1 |
| C. A Mancha | 100,0 | 13,4 | 5,8 | 60,5 | 3,8 | 15,9 | 0,6 |
| C. León | 100,0 | 14,3 | 13,7 | 51,0 | 2,6 | 17,4 | 1,0 |
| Cataluña | 100,0 | 11,1 | 17,4 | 45,7 | 3,5 | 20,8 | 1,5 |
| C. Valenciana | 100,0 | 14,1 | 14,8 | 47,9 | 4,5 | 18,1 | 0,6 |
| Estremadura | 100,0 | 14,0 | 6,9 | 52,8 | 5,4 | 19,2 | 1,7 |
| **Galicia** | **100,0** | **14,9** | **29,1** | **35,5** | **3,9** | **16,1** | **0,5** |
| Madrid | 100,0 | 14,4 | 11,0 | 52,3 | 2,0 | 16,7 | 3,5 |
| Murcia | 100,0 | 14,7 | 9,7 | 48,1 | 12,9 | 14,0 | 0,6 |
| Navarra | 100,0 | 13,7 | 13,0 | 50,6 | 2,1 | 18,8 | 1,8 |
| País Vasco | 100,0 | 14,6 | 10,6 | 50,3 | 3,7 | 19,8 | 0,9 |
| A Rioxa | 100,0 | 11,8 | 13,0 | 57,4 | 0,9 | 16,5 | 0,4 |
| Ceuta e Melilla (1) | 100,0 | 14,0 | 5,7 | 55,8 | 1,1 | 18,5 | 4,9 |

(1) As estimacións de Ceuta e Melilla non se publican desagregadas porque o tamaño mostral en cada unha delas non o permite
Datos en medias anuais de porcentaxe respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.
Fonte: INE, EPA.